

ESTRATEGIA DE
DESENVOLVEMENTO
LOCAL PARTICIPATIVO
LEADER 23-27

DOCUMENTO C
ANÁLISE DA ACTUACIÓN RETROSPECTIVA

Índice

1.	Introdución	5
1.1.	Introdución ao informe	7
2.	Evolución das necesidades de desenvolvemento	9
2.1.	Introdución.....	11
2.2.	Evolución do DAFO e as necesidades.....	11
2.2.1.	DAFO e necesidades no período de programación 2007-2013.	11
2.2.2.	DAFO e necesidades no período de programación 2014-2020	14
3.	Evolución de indicadores sociodemográficos.....	20
3.1.	Indicadores demográficos.....	22
3.1.1.	Evolución da poboación.....	22
3.1.2.	Índice de envellecemento	23
3.2.	Indicadores sociolaborais	24
3.2.1.	Afiliacións á seguridade social.....	24
3.2.2.	Paro rexistrado.....	24
3.2.3.	Ámbito empresarial	25
3.2.4.	Sector agrogandeiro.....	26
3.2.5.	Sector forestal.....	27
4.	Evolución das estratexias de períodos anteriores	28
4.1.	Análise da evolución das estratexias: cambios e reflexión de futuro	30
4.1.1.	Principais cambios nas EDLP dos períodos 2007-2013 e 2014-2020.....	30
4.1.2.	Mantemento ou modificación da EDLP	31
5.	Evolución dos baremos de priorización de proxectos.....	32
5.1.	Introdución.....	34
5.2.	Programa Leader 2007-2013. Baremos	34
5.3.	Programa Leader 2014-2020. Baremos	37
6.	Accións realizadas no marco do programa de axudas	42
6.1.	Introdución.....	44
6.2.	Programa Leader 2007-2013	45
6.3.	Indicadores de Programa Leader 2007-2013.....	58
6.4.	Programa Leader 2014-2020	61
6.5.	Indicadores de Programa Leader 2014-2020	75
7.	Conclusións. Balance cualitativo sobre a execución, resultados e impacto do programa Leader no territorio.....	78
7.1.	Avaliación do proceso de participación.....	80
7.2.	Avaliación dos resultados e impacto no territorio.....	80

7.2.1.	Período 2007-2013	80
7.2.2.	Período 2014-2020.	82
7.3.	Avaliación das accións de dinamización e difusión	83
7.3.1.	Período 2007-2013	83
7.3.2.	Período 2014-2020	85
7.4.	Avaliación das accións de formación	86
7.4.1.	“Profesionalización e desenvolvemento da viticultura na IXP Ribeiras do Morrazo “. Anualidades: 2017, 2018 e 2019	86
7.4.2.	“Xestión agroforestal sustentable”. Anualidades: 2018, 2019 e 2020	86
7.5.	Avaliación dos proxectos de cooperación	87
7.5.1.	“Dinamización e promoción das IXP de viños de Galicia”. Anualidades: 2021 e 2022 87	
7.5.2.	“Desenvolvemento e Dinamización das IXP de viños de Galicia”	90
7.6.	Proxectos considerados casos de éxito a destacar	93
7.7.	Orientacións e leccións extraídas para o novo período	94

1. Introducción

1.1. Introducción ao informe

Este documento fai referencia á análise retrospectiva da implementación do programa Leader do GDR Pontevedra Morrazo, durante os períodos de programación 2007-2013 e 2014-2020. Correspóndese co apartado C do anexo C, das bases reguladoras para convertérense en entidades colaboradoras da medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

2. Evolución das necesidades de desenvolvemento

2.1. Introducción

Este apartado aborda a evolución das necesidades de desenvolvemento identificadas nas diferentes estratexias nos períodos de programación 2007-2013 e 2014-2020. Realizouse unha análise da evolución das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades, dende un punto de vista comparado. Con esta información definíronse as principais necesidades en ambos períodos de programación do Leader.

2.2. Evolución do DAFO e as necesidades

2.2.1. DAFO e necesidades no período de programación 2007-2013.

A continuación expoñemos o DAFO realizado polo GDR Pontevedra Morrazo no período 2007-2013.

Táboa 1. Debilidades do DAFO do GDR Pontevedra Morrazo. Período 2007-2013.

DEBILIDADES
Poboación e servizos
- Falla de ordenación do territorio a nivel local e comarcal que frea o desenvolvemento económico. - Influencia das vías de comunicación no desenvolvemento do territorio. Deficiencias graves do transporte público. - Necesidade de mellora /crear infraestruturas e servizos das TIC e dinamización da sociedade da información. - Alteración da dinámica demográfica: forte envellecemento da poboación, especialmente na comarca interior e, paralelamente, significativas taxas migratorias: da poboación do interior cara a costa e núcleos principais de poboación e idéntica inmigración. - Falta de formación e organización cara ao asociacionismo e, escasa visibilización da muller nas entidades. - Mulleres xoves con maior nivel formativo que non atopan traballo nin servizos para a conciliación laboral e familiar. - Reducidas infraestruturas para actividades culturais e sociais. Necesidade de instalacións onde celebrar actividades en rede. - Necesidade de coordinar e profesionalizar os servizos sociais - Dificultade de integración de núcleos e colectivos en risco de exclusión social. - Necesidade de mellorar en accesibilidade universal.
Economía rural
- Falla de formación orientada ao aproveitamento dos recursos locais. Necesidade de apostar por formación profesional regulada ou homologada. - Falla dun tecido empresarial estruturado e formado; falta de cultura empresarial e emprego de calidade. - Perda de tradicións artesanais e falla de coñecemento das novas artesanías. - Falla de organización e coordinación da xestión turística. Escaseza de prazas hoteleiras de calidade. - Proxectos de restauración do patrimonio ou ambiental con escasa xestión integral.
Agrario e forestal
- Forte presión urbanística que altera a distribución tradicional dos usos do solo nos concellos costeiros. - Rexeitamento cultural ao traballo no sector primario (agricultura, forestal e pesca). - Falta de rendibilidade das explotacións agrarias tradicionais (minifundismo, falta de dispoñibilidade da terra) e alta taxa de envellecemento dos titulares das explotacións.

- Falta de canles de conexión entre o agricultor e o consumidor. Falta de modelos de xestión integral en xeral no sector primario: produción ata comercialización.
- Falta de segunda transformación da produción forestal.

Medioambiente

- Feísmo, degradación de espazos naturais e sucidade.
- Insuficiente sensibilización medio ambiental implantación de sistemas de xestión medio ambiental.
- Débil xestión integrada (económico, social e medio ambiental) dos espazos forestais e nos espazos naturais protexidos.
- Ameaza do lume polo abandono do medio rural e das actividades agrarias en particular: vaga de lumes do ano 2006.

Táboa 2. Potencialidades do DAFO do GDR Pontevedra Morrazo. Período 2007-2013.

POTENCIALIDADES

Poboación e servizos

- Poboación xove e dinámica na costa.
- Fortaleza do asociacionismo na comarca costeira que pode contribuír a dinamizar a zona interior.
- Tecido asociativo forte no ámbito da dependencia que ofrece servizos de urxencia.
- Valoración e respecto aos recursos e a cultura local.

Poboación e servizos

- Localización na zona máis dinámica de Galicia: Eixo Atlántico.
 - Proximidade de aeroportos e instalacións portuarias, en especial, o Porto de Marín.
 - Próxima apertura de polígonos empresariais na comarca interior
 - Bonanza no sector da construción naval.
 - Riqueza gastronómica e de restauradores de alta calidade.
 - Auxe das actividades lúdicas, culturais e deportivas ligadas ao sector náutico e mariño.
 - Rede de aloxamentos de turismo rural no territorio e Rede Comarcal de Sendeiros.
- Plan de Dinamización de Produto turístico en gran parte do territorio.
Avance en implantación de sistemas de calidade turísticos oficiais

Agrario e forestal

- Existencia de producións agrarias para o autoconsumo e próximas ao consumidor urbano; produtores con interese en formación e mellora.
- Concello de Barro en denominación de orixe Rías Baixas e sede do Consello Regulador na Comarca.
- Riqueza económica nos espazos forestais baseada en materia prima forestal de gran calidade.

Medioambiente

- Implantación Axenda 21 (Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa, Barro) e Axencia Comarcal de Sostibilidade.
- Espazos naturais de alto valor ecolóxico e potencial turístico.
- Riqueza paisaxística.
- Presenza de espazos naturais protexidos que constitúen un atractivo do territorio
- Riqueza patrimonial cultural material e inmaterial. Áreas arqueolóxicas incorporadas á Rede Galega

A análise DAFO comeza no período 2007-2013, co programa Leader. Neste período, recolle a situación de partida en diferentes ámbitos ou sectores do territorio. Para a análise retrospectiva recolle os principais aspectos que gardan relación e nos serven para unha análise comparada da súa evolución son:

Táboa 3. Análise do DAFO do GDR Pontevedra Morrazo.

Ámbito social	
Aspectos negativos	Aspectos positivos
No ámbito social, a estratexia, comeza coa preocupación polo envellecemento da poboación, nos concellos do interior que se lle xunta a concentración de boa parte da poboación nos núcleos urbanos do litoral. Isto complica a prestación de servizos nesta parte do territorio. Pártese dunha situación de falla de ordenación do territorio que que frea o desenvolvemento económico.	Unha das características destacables a nivel social e a presenza dun forte asociacionismo que pode contribuír a dinamizar a zona interior. Tamén é de resaltar a existencia dunha poboación xove e dinámica. Finalmente, os recursos e a cultura local ten un aprecio social que pode ser un recurso para o desenvolvemento da economía rural.

Sector agrogandeiro e forestal	
Aspectos negativos	Aspectos positivos
A especulación urbanística, sobre todo, nos concellos costeiros limita as posibilidades de poñer en marcha iniciativas agrogandeiras. Na que a valorización social da actividade do sector primario é baixa. A todo isto, tamén a base territorial son de pequenas explotacións e sen moita dispoñibilidade de ampliación que dificulta a súa viabilidade. Bótase en falta modelos de xestión integral en xeral no sector primario: dende a produción ata a comercialización, que atenda a produción de calidade diferenciada. A súa vez, o sector forestal non apunta cara a unha transformación e creación de valor engadido. E no ámbito da diversificación da economía rural, no sector turístico bótase en falta prazas hoteleiras de calidade, e de mellor organización do sector.	Sinálase a existencia de producións agrarias con interese en formación e mellora combinado coa existencia de produtos de calidade diferenciada que pode favorecer a novas iniciativas. A súa vez, recóllese a riqueza económica dos espazos forestais baseada en materia prima forestal de gran calidade. E todo isto, a localización dentro dunha zona das máis dinámica de Galicia, o Eixo Atlántico, que conta con boas comunicacións cara o exterior e polos de desenvolvemento económico. Xa, no ámbito da diversificación, o territorio conta cunha importante riqueza gastronómica e de alta calidade e sumándolle o auxe das actividades de lecer, culturais e deportivas, de natureza e de calidade, supón unha importante revulsivo para a diversificación da economía rural.

Ámbito medioambiental	
Aspectos negativos	Aspectos positivos
Recóllese a ausencia dunha débil atención e xestión integral do medio e que coide valorice os espazos	O territorio conta con espazos naturais de alto valor ecolóxico e potencial turístico. Unha paisaxe (mar-

naturais de valor ecolóxico pero tamén dos espazos forestais. Perigo dos incendios forestais.

terra) e un patrimonio cultural material e inmaterial que supón unha riqueza importante.

As principais necesidades extraídas neste período están centradas nos principais ámbitos da análise do DAFO.

Táboa 4. Identificación de necesidades do DAFO do GDR Pontevedra Morrazo.

Identificación de necesidades	
1.	No ámbito social as principais necesidades están relacionadas coa dotación e mellora de infraestruturas e servizos. En especial, hai unha forte carencia de novas tecnoloxías da información e da comunicación.
2.	As principais necesidades identificadas no sector agrogandeiro e forestal refírense en primeiro lugar a mellora e modernización das explotacións que fagan viabilidade e sostible o emprendemento no rural, poñendo en valor o traballo no campo a través da transformación e valorización a través de produtos de calidade diferenciada. Sinálase a necesidade de formación orientada ao aproveitamento dos recursos locais.
3.	En relación ao medio a principal necesidade é de poñer en valor os espazos naturais protexidos pero tamén no sector agrogandeiro e forestal para preservar os recursos e previr contra os incendios.

2.2.2. DAFO e necesidades no período de programación 2014-2020

A continuación expoñemos o DAFO do GDR Pontevedra Morrazo no período 2014-2020.

Táboa 5. DAFO do GDR Pontevedra Morrazo. Período 2014-2020.

CONTEXTO SOCIAL: Poboación e servizos	
Debilidades	• O conxunto do GDR 15 atópase nunha transición demográfica cara unha sociedade envellecida. Os concellos do interior están nunha fase moi avanzada dese proceso, cun acusado despoboamento e envellecemento: perda de poboación do 9,4% entre 2005 e 2015 e índice de envellecemento de 209,1 persoas maiores de 64 anos por cada 100 menores de 20. Os concellos da costa están nunha etapa máis incipiente, pero o seu dinamismo poboacional foi baixando, ata chegar a saldos negativos nos últimos anos. • Baixo peso da actividade agraria e evolución constante cara unha maior perda en todos os concellos. A desvalorización social do sector primario e o desánimo inducido polas baixas expectativas de renda e emprego, contribúen ao abandono das parcelas agrícolas e forestais. • Desarraigo social e “hábitos urbanos” que provocan a perda da actividade comunitaria entre os veciños e o abandono dos usos propios do medio rural. • Falta de ordenación territorial integral. A coexistencia das funcións de produción tradicionais do rural, xunto ás novas funcións como espazo de lecer, turístico, residencial, de servizos ambientais, etc., fan imprescindible políticas de ordenación dos usos do solo para evitar conflitos e favorecer sinerxías. • Baixa integración da xente moza nos colectivos e asociacións rurais. • Dificultade de acceso ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC) no rural. • Deficiencias en equipamentos e servizos básicos e de ocio no rural.

CONTEXTO SOCIAL: Poboación e servizos	
Ameazas	- Insuficiente colaboración coas comunidades de montes na dotación de servizos básicos e infraestruturas. - Malas comunicacións e deficiente transporte público. - Oferta turística pouco diversificada e con poucos elementos diferenciais con respecto a outros territorios.
	- Aumento do desequilibrio interno no territorio pola concentración da poboación, da actividade económica e das rendas en certas zonas do litoral, nomeadamente os centros urbanos. - Dispersión da poboación, que conleva o encarecemento e baixa cobertura da prestación de servizos básicos. - A mercantilización das CMVMC fronte ao seu labor como entidades sociocomunitarias. - Perda de actividade sociocomunitaria propia do rural entre os veciños e veciñas pola presenza de hábitos e modos de vida que son máis de zonas urbanas.
	- Lixeiro aumento (+3,3%) da poboación rural na zona litoral nos últimos dez anos, fronte á media da variación da poboación total de Galicia para o mesmo período de -1,1%. - Existencia dun forte tecido asociativo en diferentes ámbitos sectoriais. Potencialidade das CMVMC como dinamizadoras das comunidades rurais. - Existencia de man de obra cualificada e ben formada que facilita a integración laboral e novos camiños de emprendemento. - Vantaxes comparativas derivadas da localización xeográfica dentro do Eixo Atlántico. - Maior conciencia da necesidade de protección, coidado posta en valor e difusión do patrimonio rural.
Oportunidades	- Interrelación rural-urbano. A proximidade de importantes centros de actividade e consumo urbanos con elevada densidade demográfica permite modelos de negocio baseados nos servizos, no consumo local, de proximidade, cultura, Km 0, etc. - Existe unha maior formación e interese polo emprendemento como saída laboral e de activación da economía. - Existen oportunidades nos servizos á poboación, especialmente no que se refire á atención a persoas maiores. - Certa mellora das comunicacións e servizos.

CONTEXTO ECONÓMICO: sector agrario e economía rural	
Debilidades	- Falta de relevo xeracional, cunha poboación envellecida e lastrada pola emigración. - Notable incremento das persoas en risco de pobreza, alcanzando valores do 17 ao 20% da poboación do GDR 15. - Desaproveitamento e infrautilización dos espazos e recursos agroforestais. Datos catastrais das persoas propietarias desactualizados que dificulta o contacto e posible aproveitamento. - Minifundio das terras agrogandeiras. A reducida superficie e alta fragmentación parcelaria dificulta a viabilidade económica das explotacións. - Falta dun plan para a industria artesanal que posibilite a obtención de produtos de alta calidade e a súa comercialización. - Pouca rendibilidade das actividades agrarias. Baixo valor engadido da produción primaria e escasa transformación.

CONTEXTO ECONÓMICO: sector agrario e economía rural	
Ameazas	- Excesivo individualismo. Perda da cooperación entre a veciñanza, (uso compartido de maquinaria etc). - Baixo perfil do agricultor como empresario e escasa innovación. Baixa formación agropecuaria e forestal. Perda dos coñecementos tradicionais do cultivo da terra. Baixa profesionalización e coñecementos aplicados. - Falta de colaboración entre centros tecnolóxicos, Universidade e sector primario. Desconexión entre a investigación académica e a realidade do medio rural. Dificultade para a transferencia de coñecementos aplicados ao territorio. - Falta de escolas agrarias e servizos de extensión agraria e forestal eficaces.
	- Contaminación do territorio e das rías; verquidos industriais, produtos fitosanitarios, pesticidas, falta de saneamento, proliferación de antenas, contaminación lumínica, etc. “Eucaliptización do rural”: excesivo monocultivo do eucalipto fronte a outras especies e usos do monte. - Proceso de perda da biodiversidade (especies autóctonas de alto poder antioxidante e de gran valor no mercado). Invasión de especies foráneas. - Impacto dos incendios forestais. Desertización e erosión do solo.
	- Diversidade xeográfica, con boas condicións climáticas e edafolóxicas. Oportunidade para elaborar produtos de calidade diferenciada, gourmet, novas liñas produtivas con demanda en expansión (exemplo “superalimentos” funcionais, relacionados coa saúde, etc.). - Gran potencial do sector vitivinícola. Diferenciación en base a calidade: DO Rías Baixas e nova IXP Ribeiras do Morrazo. - Desenvolvemento turístico do litoral. Potencial e boa imaxe da marca turística Rías Baixas. - Importancia do Camiño Portugués a Santiago (tramo Soutomaior-Vilaboa-Pontevedra-Barro), como activo turístico para as áreas rurais polas que transcorre. - Potencialidade de desenvolvemento do sector forestal.
Fortalezas	
Oportunidades	- Potencialidade para o desenvolvemento da agricultura e gandería de carácter extensivo asociada á calidade ambiental ou á produción ecolóxica. - Sectores emerxentes da chamada “economía verde” que promoven un uso eficiente de recursos e enerxía (xestión de residuos, reciclaxe, aforro enerxético, enerxías renovables, etc.). - Potencialidade da zona interior para complementar os usos turísticos do litoral: Turismo de natureza (ornitolóxico, cinexético, pesca fluvial, etc.), cultural (histórico, arqueolóxico, etnográfico, etc.), gastronómico, de aventura e relax, etc. A fusión río-ría-monte-mar permite a creación de produtos turísticos de grande atractivo. - Gran potencial para iniciativas innovadoras con vínculos transversais en torno ao sector primario, cultura, turismo e medio ambiente. - Nichos de emprego no rural ligados aos servizos ambientais e culturais, ao eco-turismo ao coidado de maiores, envellecemento activo, etc. - Programa de desenvolvemento rural de Galicia PDR 2014-2020.
CONTEXTO AMBIENTAL: ecosistemas e recursos	
Debilidades	- Insuficiente educación e sensibilización ambiental dende as novas xeracións. - Escaso recoñecemento dos recursos patrimoniais existentes, incluso daqueles que contan con protección. - Falta de rigorosidade no emprego de produtos fitosanitarios, pesticidas, etc.

Ameazas Fortalezas Oportunidades	• Escasa dotación de profesionais adicados á protección medioambiental dende as administracións. • Insuficientes estudos estratéxicos adaptados ao territorio, o que limita as súas posibilidades de aproveitamento. • Degradación da paisaxe cun urbanismo desordenado e difuso. Impacto negativo de determinadas infraestruturas enerxéticas e de comunicacións. Feísmo. • Perda dos valores ambientais asociados ao medio rural. Deterioro e falta de limpeza dos espazos e recursos naturais. Desprotección e desatención dos elementos patrimoniais protexidos. • Desconexión social (falta de apego ou vínculo emocional) cara o monte e os múltiples recursos naturais e paisaxísticos. • Insuficiente desenvolvemento da protección e xestión integral dos montes.
	• Altas taxas de desemprego, sobre todo xuvenil e da muller, así como das persoas maiores de 44 anos. A falta de oportunidades de emprego provoca a emigración da mocidade. • Proceso de globalización: crise xeneralizada do sector agrogandeiro con baixo nivel e inestabilidade dos ingresos e limitada capacidade de venda nos mercados.
	• “Reserva verde”: existencia de importantes masas forestais produtoras de oxíxeno e sumidoiros de CO2. Tranquilidade e ausencia de ruídos. Existencia de reservas naturais de auga. • Singularidade e diversidade paisaxística no conxunto do territorio, con importantes valores ambientais, culturais, etc., de gran potencialidade turística. Importante patrimonio natural: Illas Ons, Rede natura 2000, humidaís, etc. • Importante patrimonio cultural (histórico-artístico, arqueolóxico, etnográfico, etc.), como elemento desestacionalizador e factor de desenvolvemento local. • Rico patrimonio inmaterial: A recuperación e transmisión do “saber popular” como fonte de coñecemento en diferentes ámbitos e como factor de diferenciación (produccións tradicionais, artesanais,etc.). • Potencialidade dos montes periurbanos para fomentar un turismo alternativo cultural e de natureza, sostibles: como reclamo turístico na tempada de setas, de castañas,etc.; para usos deportivos (orientación, BTT, etc.), para sendeirismo, paseos a cabalo,etc.; para usos nocturnos en astronomía, etc.
	• Existencia de figuras de valorización ambiental (implantación de axendas 21 locais nalgúns concellos, novos instrumentos de planificación, etc.) • Existencia de espazos de alto valor ecolóxico con potencialidade para o aproveitamento turístico. • Aumento do interese xeral, a conciencia e a preocupación por aspectos ambientais.

O DAFO do GDR Pontevedra Morrazo no período 2014-2020 estrutúrase en tres apartados temáticos que son o contexto social, o contexto económico e o contexto ambiental e patrimonial.

Para a análise retrospectiva da DAFO no período 2014-2020 do GDR Pontevedra-Morrazo tamén nos centramos nos principais aspectos que facilitan unha análise comparada da súa evolución no territorio:

Táboa 6. Análise DAFO do GDR Pontevedra Morrazo.

Ámbito social	
Aspectos negativos	Aspectos positivos
Neste segundo período, segue a preocupación pola concentración da actividade económica e da poboación nas urbes da franxa litoral, deixando menos poboado, con poboación envellecida e dispersa o interior dos concellos que supón unha dificultade na prestación de servizos (transporte, TIC, etc.) e a dotación de equipamentos. A súa vez, dáse unha perda de actividade sociocomunitaria característica do rural cara modo máis urbanos. E as CMVMC, con moito peso no territorio, van perdendo a seu rol como axentes dinamizadores sociocomunitarios cara visión máis economista do territorio. Ademais hai unha perda de apego social ao monte, e aos recursos naturais do territorio.	No DAFO dáse conta da existencia dun forte tecido asociativo en diferentes ámbitos sectoriais, nomeadamente as CMVMC como dinamizadoras das comunidades rurais. Tamén se valora, positivamente, que as novas xeracións están máis cualificadas, sobre todo para o emprendemento e activación da economía no rural. Recoñécese as vantaxes comparativas do territorio derivadas da localización xeográfica dentro do Eixo Atlántico e de centros urbanos importantes de tracción económica. Por outro lado, a nivel social, apúntase a un incipiente interese pola posta en valor do patrimonio rural. E, como novas oportunidades de emprendemento, sinálanse os servizos á poboación, especialmente no que se refire á atención a persoas maiores ou envellecemento activo.
Sector agrogandeiro e forestal	
Aspectos negativos	Aspectos positivos
A actividade agraria, neste segundo período, segue perdendo peso na economía do territorio, que se lle suma a baixa valorización social do sector primario e o abandono de terras agrarias. Tamén segue a falta de remuda xeracional na actividade agrogandeira e forestal, que vai paralelo a unha importante emigración da xente máis nova. Baixa innovación no ámbito agrogandeiro e forestal acompañada dunha baixa profesionalización e coñecementos aplicados. E no que, o ámbito agrogandeiro, non aproveita a transferencia de coñecementos científicos. E, por outro lado, a oferta turística está pouco diversificada e con poucos elementos diferenciais.	A zona conta con boas condicións climáticas e edafolóxicas. E con marxe para a elaboración de produtos de calidade diferenciada, sobre todo na horta e nos viños. Así como dunha produción sostible agrogandeira. A súa vez ten unha potencialidade de desenvolvemento do sector forestal. En relación a diversificación da economía rural o territorio conta con elementos de moita dinamismo económico como é todo o que rodea a marca turística Rías Baixas, o Camiño Portugués a Santiago, parque nacional Illas Atlánticas, por exemplo. Pero tamén todas as actividades na natureza máis no interior dos concellos do territorio. A fusión río-ría-monte-mar permite a creación de produtos turísticos de grande atractivo. Sectores emerxentes da chamada “economía verde” que promoven un uso eficiente de recursos e enerxía (xestión de residuos, reciclaxe, aforro enerxético, enerxías renovables, etc.).
Ámbito medioambiental	
Aspectos negativos	Aspectos positivos
Recóllese na análise DAFO a percepción dunha baixa concienciación e sensibilización ambiental da	A pesar da baixa conciencia percíbese un aumento do interese xeral por aspectos ambientais axudado pola

poboación que tamén se reproduce nas actividades agrogandeiras pouco respectuosas co medio. Dáse un proceso de perda da biodiversidade parello a un excesivo monocultivo do eucalipto fronte a outras especies e usos do monte, que sumado o abandono das terras incrementa o risco de incendios forestais. Tamén se sinala que non se frea o feísmo urbanístico derivado de moitos factores, urbanismo desordenado, infraestruturas de comunicación, etc., que se lle suma un escaso recoñecemento dos recursos patrimoniais existentes.

existencia de espazos de alto valor ecolóxico de gran potencialidade turística: Illas Ons, Rede natura 2000, humidaís, etc. Tamén se identifica un importante patrimonio cultural material e inmaterial (histórico-artístico, arqueolóxico, etnográfico, etc.), como elemento desestacionalizador e factor de desenvolvemento local. Valórase a potencialidade dos montes periurbanos para fomentar un turismo alternativo cultural e de natureza, sostibles, con actividades de natureza (BTT, sendeirismo, astronomía, etc.

As principais necesidades extraídas neste período están centradas nos principais ámbitos da análise do DAFO.

Táboa 7. Identificación de necesidades dos DAFO do GDR Pontevedra Morrazo

Identificación de necesidades	
1.	No ámbito social as principais necesidades son moi similares a do período 2007-2013 relacionadas coa dotación e mellora de servizos (transporte, TIC, ...) e equipamentos. É necesario reverter a tendencia de desapego do rural e de frear o seu abandono.
2.	No sector agrogandeiro e forestal existe a necesidade dun marco integral ben definido, que apoie o asociacionismo agrario e con base territorial (que supere o minifundismo) con usos e aproveitamentos das terras e montes para poder garantir un desenvolvemento agrogandeiro sostible, que garantice a viabilidade dos proxectos emprendedores no rural. A súa vez que teña un sector agrogandeiro e forestal formado e que aposte por unha calidade diferenciada do produto.
3.	No que se refire ao medio natural e patrimonial do territorio as principais necesidades xiran ao redor de avanzar cara unha maior sensibilización e concienciación do medio natural e dos seus recursos; así como a necesidade de poñer en valor todo o patrimonio cultural do medio rural.

3. Evolución de indicadores sociodemográficos

3.1. Indicadores demográficos

Este apartado sintetiza información procedente da diagnose socioeconómica do territorio, co obxectivo de ter unha visión de conxunto de indicadores do ámbito demográfico e sociolaboral. No apartado correspondente á diagnose realízase unha análise pormenorizada da información, que non se traslada a este apartado para evitar duplicidades na súa interpretación e contido

3.1.1. Evolución da poboación

Táboa 8. Evolución da poboación entre 1999 e 2021

Provincia/Concello	Ano 2021	Ano 1999	Variación
Galicia	2.695.645	2.730.337	-34.692
GDR Pontevedra Morrazo	215.288	201.169	14.119
36002 Barro	3.622	3.533	89
36004 Bueu	11.987	12.517	-530
36007 Campo Lameiro	1.769	2.374	-605
36008 Cangas	26.708	23.413	3.295
36025 Lama, A	2.410	2.985	-575
36026 Marín	24.248	25.421	-1.173
36029 Moaña	19.496	17.751	1.745
36038 Pontevedra	83.114	74.139	8.975
36041 Poio	17.230	13.843	3.387
36043 Ponte Caldelas	5.548	6.547	-999
36053 Soutomaior	7.482	5.330	2.152
36058 Vilaboa	5.955	5.761	194
36902 Cerdedo-Cotobade	5.719	7.555	-1.836

Táboa 9. Evolución da poboación por concellos nos diferentes períodos de programación europeos


Concello	Variación 1999-2006	Variación 2006-2013	Variación 2014-2021	Variación 1999-2021	% Variación 1999-2021
GDR Pontevedra Morrazo	10.636	4.834	-1.351	14.119	1,0%
36002 Barro	-131	310	-90	89	2,5%
36004 Bueu	20	-162	-388	-530	-4,2%
36007 Campo Lameiro	-242	-150	-213	-605	-25,5%
36008 Cangas	1.789	971	535	3.295	14,1%
36025 Lama, A	37	-160	-452	-575	-19,3%
36026 Marín	769	-707	-1.235	-1.173	-4,6%
36029 Moaña	681	877	187	1.745	9,8%
36038 Pontevedra	5.957	2.838	180	8.975	12,1%
36041 Poio	1.358	1.566	463	3.387	24,5%
36043 Ponte Caldelas	-34	-845	-120	-999	-15,3%
36053 Soutomaior	780	1.192	180	2.152	40,4%
36058 Vilaboa	269	-182	107	194	3,4%
36902 Cerdedo-Cotobade	-617	-714	-505	-1.836	-24,3%
Galicia	37.187	-1.584	-70.295	-34.692	-1,3%

3.1.2. Índice de envelhecimento

Táboa 10. Índice de envelhecimento da poboación

Concello	Índice de envelhecimento 2021	Variación 2014-2021	r=taxa de variación anual
Galicia	163,59	14,26	1,31%
36002_Barro	126,28	0,45	0,05%
36004_Bueu	144,66	31,64	3,59%
36007_Campo Lameiro	334,93	70,17	3,42%
36008_Cangas	123,04	22,42	2,92%
36025_Lama, A	379,14	73,37	3,12%
36026_Marín	120,78	21,89	2,90%
36029_Moaña	118,78	17,80	2,35%
36038_Pontevedra	112,73	17,55	2,45%
36041_Poio	105,40	19,70	3,00%
36043_Ponte Caldelas	210,24	38,53	2,93%
36053_Soutomaior	92,25	6,81	1,10%
36058_Vilaboa	167,21	24,28	2,27%
36902_Cerdedo-Cotobade	319,24	-7,95	-0,61%
GDR Pontevedra Morrazo	181,13	25,90	2,27%

Gráfico 1. Índice de envelhecimento por sexos. Galicia e GDR Pontevedra Morrazo



3.2. Indicadores sociolaborais


3.2.1. Afiliacións á seguridade social

Táboa 11. Persoas afiliadas á seguridade social. Evolución 2015-2021

Concello	2021	2015	VARIACIÓN 2021_2015	% variación s/2015
Galicia	962.108	895.023	67.085	7,50%
36002 Barro	1.332	1.221	111	9,08%
36004 Bueu	4.035	3.660	375	10,23%
36007 Campo Lameiro	562	508	54	10,63%
36008 Cangas	9.370	8.261	1.109	13,42%
36025 Lama, A	607	536	71	13,18%
36026 Marín	7.635	7.020	614	8,75%
36029 Moaña	7.056	6.428	628	9,76%
36038 Pontevedra	29.107	26.047	3.060	11,75%
36041 Poio	6.323	5.617	706	12,58%
36043 Ponte Caldelas	1.869	1.600	268	16,78%
36053 Soutomaior	2.801	2.453	348	14,20%
36058 Vilaboa	2.105	1.983	121	6,11%
36902 Cerdedo-Cotobade	1.827	1.685	141	8,39%
GDR Pontevedra Morrazo	74.627	67.020	7.607	11,35%

3.2.2. Paro rexistrado

Gráfico 2. Evolución do paro rexistrado no GDR Pontevedra Morrazo. Serie 2015-2021



3.2.3. Ámbito empresarial

Táboa 12. Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009) e estrato de asalariados. Evolución 2015-2020


Tramo asalariados	Ámbito	EMPRESAS 2015	EMPRESAS 2020	Variación empresas	% variación empresas.
de 0 a 2 asalariados	España	2.139	1.668	-471	-22,02%
	Galicia	214.411	211.361	-3.050	-1,42%
	GDR Pontevedra Morrazo	13.971	14.407	436	3,12%
de 3 a 5 asalariados	España	653	700	47	7,20%
	Galicia	16.686	17.749	1.063	6,37%
	GDR Pontevedra Morrazo	1.245	1.346	101	8,11%
de 6 a 9 asalariados	España	379	476	97	25,59%
	Galicia	6.444	7.354	910	14,12%
	GDR Pontevedra Morrazo	507	600	93	18,34%
de 10 a 19 asalariados	España	431	484	53	12,30%
	Galicia	4.337	5.001	664	15,31%
	GDR Pontevedra Morrazo	308	341	33	10,71%
de 20 a 49 asalariados	España	334	401	67	20,06%
	Galicia	2.402	2.811	409	17,03%
	GDR Pontevedra Morrazo	140	164	24	17,14%
de 50 a 99 asalariados	España	162	184	22	13,58%
	Galicia	661	809	148	22,39%
	GDR Pontevedra Morrazo	47	62	15	31,91%
de 100 a 249 asalariados	España	105	147	42	40,00%
	Galicia	335	407	72	21,49%
	GDR Pontevedra Morrazo	20	30	10	50,00%
de 250 ou máis asalariados	España	95	105	10	10,53%
	Galicia	141	168	27	19,15%
	GDR Pontevedra Morrazo	10	7	-3	-30,00%
Todos	España	4.298	4.165	-133	-3,09%
	Galicia	245.417	245.660	243	0,10%
	GDR Pontevedra Morrazo	16.248	16.957	709	4,36%

3.2.4. Sector agrogandeiro

Táboa 13. Tamaño das explotacións segundo a SAU (Superficie Agraria Utilizada). Anos (1999, 2009 e 2020) Hectáreas.

	Superficie Total_Ha	SAU (1999)	% da sup. total (1999)	SAU (2009)	% sup. total (2009)	SAU (2020)	% da sup. total (2020)	Variación 1999-2020 Ha
Galicia	2.957.674	696.690	23,56%	647.598	21,90%	597.993	20,22%	-98.697
GDR Pontevedra Morrazo	86.828	6.063	6,98%	4.432	5,10%	4.529	5,22%	-1.534
36002 Barro	3.755	701	18,67%	350	9,32%	208	5,54%	-493
36004 Bueu	3.084	187	6,06%	42	1,36%	375	12,16%	188
36007 Campo Lameiro	6.377	428	6,71%	229	3,59%	120	1,88%	-308
36008 Cangas	3.808	156	4,10%	13	0,34%	37	0,97%	-119
36025 Lama, A	11.176	462	4,13%	987	8,83%	935	8,37%	473
36026 Marín	3.666	393	10,72%	240	6,55%	49	1,34%	-344
36029 Moaña	3.506	128	3,65%	14	0,40%	61	1,74%	-67
36038 Pontevedra	11.847	1.057	8,92%	320	2,70%	380	3,21%	-677
36041 Poio	3.393	163	4,80%	24	0,71%	29	0,85%	-134
36043 Ponte Caldelas	8.700	523	6,01%	811	9,32%	353	4,06%	-170
36053 Soutomaior	2.499	212	8,48%	52	2,08%	35	1,40%	-177
36058 Vilaboa	3.690	242	6,56%	66	1,79%	122	3,31%	-120
36902 Cerdedo- Cotobade	21.327	1.411	6,62%	1.284	6,02%	1.825	8,56%	414

Gráfico 3. Distribución de terras. Datos a nivel municipal. 2007-2014-2020. Hectáreas



Táboa 14. Explotacións agrarias segundo a superficie agrícola utilizada. Evolución do número de explotacións

Concello	Total explotacións 2009	Variación nº exp. 2009-1999	2009 Explotacións sen SAU	Variación nº. exp. sen SAU 99-09	Reduc. de exp. SEN SAU (%)	2009 Explotacións CON SAU	Variación nº. exp. CON SAU 99-09	Reduc. de exp. CON SAU (%)
Galicia	81.174	-188.879	1.693	-27.524	-94,21%	79.481	-161.355	-67,00%
GDR Pontevedra Morrazo	1.441	-11.108	53	-1.073	-95,29%	1.388	-10.035	-87,85%
36002 Barro	206	-541	4	-12	-75,00%	202	-529	-72,37%
36004 Bueu	17	-807	1	-62	-98,41%	16	-745	-97,90%
36007 Campo Lameiro	139	-342	7	-37	-84,09%	132	-305	-69,79%
36008 Cangas	9	-771	0	-98	-100,00%	9	-673	-98,68%
36025 Lama, A	147	-747	5	-81	-94,19%	142	-666	-82,43%
36026 Marín	95	-828	4	-57	-93,44%	91	-771	-89,44%
36029 Moaña	24	-673	3	-80	-96,39%	21	-593	-96,58%
36038 Pontevedra	205	-2.559	11	-73	-86,90%	194	-2.486	-92,76%
36041 Poio	15	-554	1	-16	-94,12%	14	-538	-97,46%
36043 Ponte Caldelas	145	-1.036	2	-365	-99,46%	143	-671	-82,43%
36053 Soutomaior	30	-645	2	-40	-95,24%	28	-605	-95,58%
36058 Vilaboa	50	-600	3	-19	-86,36%	47	-581	-92,52%
36902 Cerdedo-Cotobade	359	-1.005	10	-133	-93,01%	349	-872	-71,42%

3.2.5. Sector forestal

Táboa 15. Sistema de indicadores da administración dixital. Datos do sector forestal. Estrutura da propiedade forestal.

Concello	Nº de CMVMC	Superficie ConcelloHa	Superficie CMVMCHa	% do Concello	Poboación Concello_2021	Nº de comuneiros	% Poboación	Ingresos medios CMVMC
GDR Pontevedra Morrazo	187	86.828	41.495	47,79%	215.288	11.884	5,52%	613.250
36002 Barro	6	3.755	1.480	39,41%	3.622	938	25,90%	119.352
36004 Bueu	5	3.084	306	9,93%	11.987	314	2,62%	57.461
36007 Campo Lameiro	26	6.377	3.875	60,77%	1.769	573	32,39%	11.846
36008 Cangas	3	3.808	834	21,91%	26.708	487	1,82%	16.039
36025 Lama, A	10	11.176	8.009	71,66%	2.410	891	36,97%	60.011
36026 Marín	5	3.666	1.123	30,63%	24.248	791	3,26%	83.126
36029 Moaña	3	3.506	1.557	44,40%	19.496	568	2,91%	61.682
36038 Pontevedra	19	11.847	3.485	29,42%	83.114	2.770	3,33%	49.539
36041 Poio	5	3.393	1.320	38,91%	17.230	656	3,81%	48.271
36043 Ponte Caldelas	31	8.700	4.314	49,59%	5.548	1.380	24,87%	50.143
36053 Soutomaior	16	2.499	1.160	46,43%	7.482	1.061	14,18%	5.731
36058 Vilaboa	5	3.690	1.233	33,41%	5.955	697	11,70%	50.049
36902 Cerdedo-Cotobade	53	21.327	12.797	60,00%	5.719	758	13,25%	(*)

4. Evolución das estratexias de períodos anteriores

4.1. Análise da evolución das estratexias: cambios e reflexión de futuro

4.1.1. Principais cambios nas EDLP dos períodos 2007-2013 e 2014-2020.

No período 2007-2013 a tipoloxía de proxectos produtivos e non produtivos desglosábanse no cadro financeiro nas seguintes submedidas:

- 411. Dinamización do sector agrario e forestal (proxectos produtivos)
- 412. Mellora medioambiental e do contorno rural (proxectos non produtivos)
- 413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida (proxectos produtivos e non produtivos)

Isto supoñía que cada unha das submedidas estaba dotada de fondos para os proxectos alí encadrados. Non había concorrencia competitiva entre tódolos proxectos. Podíanse subvencionar proxectos de actividades de produción agraria, gandeira ou forestal, ou tamén proxectos que implicasen a transformación destes produtos. Non se recollían topes de investimento máximo, como ocorre no período actual. Outros proxectos subvencionables eran os relacionados coa compra de maquinaria para empresas de servizos agrarios (aínda que a final do período foi excluída a maquinaria automotriz dos elementos subvencionables, tanto en empresas de servizos agrarios como en empresas do sector primario), incluíndo a maquinaria de segunda man (aínda que isto daba os seus problemas á hora de comprobar a correcta valoración dos elementos subvencionados, entre outras cousas).

No período 2014-2020, os proxectos subvencionables encádranse en diferentes fichas de elixibilidade dentro da medida 19.2 “Apoio á realización de operacións conforme a EDLP”, onde se recollen tanto proxectos produtivos coma non produtivos (de entidades públicas locais e institucións de carácter privado).

Nos produtivos concorren todos os proxectos por igual (independentemente que correspondan a un sector ou outro) e a selección é por concorrencia competitiva entre todos os tipos de proxectos; non se contempla un orzamento predefinido para cada tipoloxía. Neste período non se pode subvencionar a actividade de produción agraria, gandeira ou forestal, agás proxectos de mellora de eficiencia enerxética ou incorporación de enerxías renovables. Contéplanse coma financiáveis pequenos proxectos de creación dunha actividade agraria, ata 30.000€ de inversión, para a creación dunha actividade agraria complementaria a unha actividade non agraria que xa veña exercendo a unidade familiar ou a empresa, e cuns determinados condicionantes.

A transformación agraria, gandeira ou forestal é subvencionable, en proxectos que non sobrepasen os 60.000€ de investimento. Isto supón unha limitación, no sentido que normalmente o capital que se precisa para pór en marcha iniciativas deste tipo soe ser moito máis elevado.

Outro elemento que non é financiável é a compra de maquinaria para as empresas de servizos agrícolas, non tendo estas outra liña de axudas para acollerse. Neste período tampouco se financia a compra de maquinaria de segunda man.

4.1.2. Mantemento ou modificación da EDLP

O GDR manterase na liña da sostibilidade da actividade agraria e forestal tal e como se recolle na EDLP 2014-2020 pero incidirá en cambios acordes coas novas políticas europeas.

Os cambios refírense, sobre todo, poñer en relación a nova EDLP co novo marco das novas políticas e programas europeos aliñados e incardinados co Pacto Verde Europeo. Son dous os eixos centrais no Pacto Verde a ter en conta para facer sostible a economía nas zonas rurais:

1. A transición ecolóxica (menos contaminación, menos gasto enerxético).
2. A transición dixital (economía máis competitiva e adaptación ao mundo tecnolóxico).

O GDR pode contribuír á finalidade do Pacto Verde integrándoo nas súas estratexias a través dun modelo de desenvolvemento resiliente baseado na innovación.

A nova estratexia, polo tanto, facilitará a resposta das economías rurais fronte as crises e situacións de vulnerabilidade. Resiliencia ambiental, económica e social a incorporar nas EDLP a través dos obxectivos que recollan:

- neutralidade climática e reducir a contaminación (aire, auga e solo): enerxías renovables, modernización de infraestruturas, equipamento, eficiencia enerxética,...
- mellora da xestión dos residuos e promover a economía circular: reciclaxe, reutilización e aproveitamento de residuos, etc;
- protexer a biodiversidade e os ecosistemas agrarios e forestais;
- asegurar alimentos sostibles, consumidor 3.0: km0, seguridade alimentaria, mellor aproveitamento dos alimentos, etc.
- Mellorar a xestión do agro: diálogo, cooperación, redes de traballo colaborativas entre o sector agrogandeiro, axentes, institucións e organismos (investigación, ...) para garantir un maior éxito e impacto dos proxectos.

Para isto, temos que combinar tanto as actividades tradicionais como as novas actividades emerxentes e incidir na innovación a través da “circularidade” das economías locais. O GDR e a EDLP son a ferramenta para facilitar este proceso de mellora cara a sostibilidade das comunidades rurais.

A nova EDLP incidirá máis nos colectivos sociais do rural menos favorecidos: muller, mocidade e inclusión social.

5. Evolución dos baremos de priorización de proxectos

5.1. Introducción

Este apartado analiza os baremos nos períodos de programación de fondos comunitarios dos anos 2007-2013 e 2014-2020, tendo en consideración a aplicación do programa Leader na zona de Pontevedra O Morrazo.

A análise realizámola presentando os baremos no período 2007-2013 e logo no período 2014-2020. A entidade xestora do programa, non presenta variacións entre programas.

Partindo das directrices da xestión programa, os baremos califícanse pola súa homoxeneidade e continuidade, respectando as normas da Agader, tanto na súa configuración como na súa aplicación.

5.2. Programa Leader 2007-2013. Baremos.

Os baremos produtivos do GDR Pontevedra Morrazo teñen en consideración variables de carácter territorial, das características da persoa promotora e da creación de emprego e do impacto local do programa. Neste sentido a ubicación do proxecto, sede social da persoa promotora, é determinante para obter maior puntuación establecendo criterios de equilibrio territorial, en función das características sociodemográficas ou económicas da zona; tamén se ten en conta o grao de dispersión do territorio.

Preténdese potenciar a promoción de proxectos por determinados colectivos (persoas desfavorecidas) para reforzar o emprendemento dos mesmos, establecendo factores de potenciación da experiencia da persoa promotora.

O emprego xerado acada os 48 postos de traballo creados e máis de 129 consolidados. Do mesmo xeito que no período anterior tense constancia informal, de que o número de empregos creados foi maior ao indicado nos datos de execución do programa.

O volume total de fondos públicos comprometidos no conxunto do programa chega aos 3,4 millóns de euros, sendo o efecto multiplicador do financiamento na medida 19.2 de 2,34, implicando un promedio de financiamento de 15.391,66 por cada emprego xerado.

As medidas implementadas fan referencia a:

Medidas do programa	
19.2	Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo
19.4	Gastos de funcionamento do GDR (custes correntes e animación)

Táboa 43. Execución conxunta no período de programación 2014-2020.

Medida da Estratexia	Tipo de proxectos	Apoio público	%	Investimento	%
19.2.	Produtivos	2.051.077,22 €	75,01%	5.211.756,06 €	81,54%
	Non Produtivos (públicos)	397.048,28 €	24,99%	731.185,48 €	11,44%
	Non Produtivos (privados)	241.098,68 €	58,11%	403.921,45 €	6,32%
	Formación	45.104,58 €	35,29%	45.104,58 €	0,71%
Total programa		2.734.328,76 €	100,00%	6.391.967,57 €	100,00%
19.4.	Custos correntes	561.859,97 €		561.859,97 €	
	Animación	110.722,56 €		110.722,56 €	
Total Estratexia		3.406.911,29 €		7.064.550,10 €	

Táboa 44. Distribución municipal das axudas e xeración de emprego.

Municipio	Nº promotores	Apoio público	UTAs (emprego total a tempo completo)	Investimento
A Lama	3	247.864,47	12,00	679.852,31
Barro	6	370.543,67	39,41	1.041.927,28
Bueu	2	85.511,36	5,67	231.864,80
Campo Lameiro	3	502.801,11	67,98	1.241.784,61
Cangas	2	24.480,68	2,24	55.053,41

Municipio	Nº promotores	Apoio público	UTAs (emprego total a tempo completo)	Investimento
Cerdedo-Cotobade	7	176.883,34	13,83	309.029,73
Marín	2	33.974,65	1,00	67.596,50
Moaña	6	421.865,48	6,21	850.631,48
Poio	0	0,00	0,00	0,00
Ponte Caldelas	5	283.886,61	10,82	626.926,36
Pontevedra	10	270.730,13	5,75	593.883,14
Vilaboa	3	35.645,94	3,50	81.607,67
Soutomaior	4	280.141,32	9,24	611.810,28
	53	2.734.328,76	177,65	6.391.967,57

O concello de Campo Lameiro ten unha dotación de axuda bastante importante, supoñendo o medio millón de euros, cun alto impacto na consolidación e creación de emprego. O concello de Moaña e o de Barro son os seguintes en percibir maior dotación de axuda, se ben no primeiro caso a xeración de emprego é máis acoutada, e destaca no caso de Barro que acada o valor máis elevado no que respecta á xeración de emprego tras Campo Lameiro.

Táboa 45. Distribución municipal das axudas e xeración de emprego (Porcentaxes). Medida 19.2.

Municipio	Nº promotores	Apoio público	UTAs (emprego total a tempo completo)	Investimento
A Lama	5,66%	9,06%	6,75%	10,64%
Barro	11,32%	13,55%	22,18%	16,30%
Bueu	3,77%	3,13%	3,19%	3,63%
Campo Lameiro	5,66%	18,39%	38,27%	19,43%
Cangas	3,77%	0,90%	1,26%	0,86%
Cerdedo-Cotobade	13,21%	6,47%	7,78%	4,83%
Marín	3,77%	1,24%	0,56%	1,06%
Moaña	11,32%	15,43%	3,50%	13,31%
Poio	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Ponte Caldelas	9,43%	10,38%	6,09%	9,81%
Pontevedra	18,87%	9,90%	3,24%	9,29%
Vilaboa	5,66%	1,30%	1,97%	1,28%
Soutomaior	7,55%	10,25%	5,20%	9,57%
Total	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%


Pontevedra e Cerdedo-Cotobade lideran a presentación de proxectos, con 10 e 7 proxectos, xunto con Barro e Moaña, que teñen 6 cada un.

Táboa 46. Distribución municipal dos proxectos por tipoloxía de proxectos, axudas e investimento

Municipio	Nº Proxectos Produtivo	Axuda Fondos Produtivos	Investimento Produtivos	Nº Proxectos Non Produtivo	Axuda Fondos Non Produtivos	Investimento Non Produtivos
A Lama	2	231.643,69	661.829,22	1	16.220,78	18.023,09
Barro	3	323.752,14	953.701,06	3	46.791,53	88.226,22
Bueu	2	85.511,36	231.864,80			
Campo Lameiro	3	502.801,11	1.241.784,61			
Cangas	1	5.092,41	25.462,03	1	19.388,27	29.591,38
Cerdedo- Cotobade	2	80.301,78	179.759,32	5	96.581,56	129.270,41
Marín	1	14.474,65	37.596,50	1	19.500,00	30.000,00
Moaña	2	249.991,63	586.877,81	4	171.873,85	263.753,67
Poio						
Ponte Caldelas	4	268.447,18	609.771,44	1	15.439,43	17.154,92
Pontevedra	2	16.291,69	56.536,70	8	254.438,44	537.346,44
Vilaboa	2	29.796,57	66.214,60	1	5.849,37	15.393,07
Soutomaior	2	242.973,01	560.357,97	2	37.168,31	51.452,31
	26	2.051.077,22	5.211.756,06	27	683.251,54	1.180.211,51


As gráficas seguintes conteñen información sobre o número de proxectos promovidos, así como sobre a distribución de fondos públicos a nivel municipal.

Gráfico 10. Distribución dos proxectos por concellos




Apréciase unha correspondencia relativa entre o número de proxectos presentados e o volume de fondos públicos asignados. O concello de Campo Lameiro é o que máis fondos recibe, pese a ser un dos concellos con menos número de proxectos. Moaña e Barro, que se sitúan en terceiro lugar en número de proxectos son os que continúan a prelación na distribución da axuda.

Gráfico 11. Distribución de fondos públicos por concellos




No que respecta a Campo Lameiro e Barro hai correspondencia entre unha maior asignación de fondos e unha maior creación ou consolidación de emprego

Gráfico 12. Distribución de UTA por concellos



Tres cuartas partes dos fondos públicos do programa corresponden a proxectos de natureza produtiva, cuxo importe é superior aos 2 millóns de euros. Os proxectos de carácter non produtivo supoñen o 25%, sendo maior a distribución de fondos para entidades do sector público, que concentra o 14% da axuda. A porcentaxe de axuda destinada a formación supón o 2% do montante global de axuda en estratexia.

Gráfico 13. Distribución de fondos públicos por tipoloxía



Táboa 47. Importes das axudas e investimentos por zona xeográfica

	Proxectos		Apoio público		Investimento	
	Nº	%	Importe	%	Importe	%
Zona interior (A Lama, Barro, Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas)	24	45,28%	1.581.979,20	57,86%	3.899.520,29	61,01%
Zona litoral (Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Poio, Pontevedra, Vilaboa, Soutomaior)	29	54,72%	1.152.349,56	42,14%	2.492.447,28	38,99%
Total	53	100,00%	2.734.328,76	100,00%	6.391.967,57	100,00%

Na táboa seguinte preséntanse os proxectos presentados ao GDR no que respecta á medida 19.2 do PDR de Galicia. Na táboa figuran os datos do proxecto, promotor e municipio recollendo a porcentaxe e importe de axuda prevista, o investimento previsto e as UTA a xerar

Táboa 48. Relación de Proxectos Produtivos Presentados no GDR Pontevedra Morrazo (con resolucións ou informes favorables). Período 2014-2020.

Expediente	Proxecto	Promotor	Municipio	% axuda	Apoio público	UTAs (emprego total a tempo completo)	Investimento
L17-1920-15-0009	Creación de Fábrica de Mobles (Campo Lameiro)	Nueva casa fábrica de muebles,SL	Campo Lameiro	45,00%	200.000,00 €	5,00	493.926,87 €
L17-1920-15-0002	Creación de Escola Hípica (Ponte Caldelas)	Servicios Hípicos Pontevedra S.L.	Ponte Caldelas	42,50%	77.372,36 €	1,00	182.052,61 €
L17-1920-15-0011	Ampliación de empresa instaladora de enerxía solar (Barro)	EDF Solar,SL	Barro	42,00%	200.000,00 €	14,33	640.728,95 €
L17-1920-15-0001	Creación de Lavandería autoservizo (Ponte Caldelas)	Certificadora energética de Galicia,SL	Ponte Caldelas	42,00%	19.581,04 €	1,88	46.621,53 €
L17-1920-15-0017	Ampliación e Modernización de Estudo de Deseño Industrial (Soutomaio)	Soluciones Conceptuales e Innovación,SL	Soutomaio	41,50%	108.944,39 €	5,24	262.516,60 €
L17-1920-15-0008	Creación de Aloxamento Turístico (Verdugo)	Ruth Gundín Villar	Pontevedra	41,00%	114.991,64 €	0,25	280.467,42 €
L17-1920-15-0003	Ampliación e Modernización de Tanatorio (Moaña)	Tanatorio San Martín,SL	Moaña	41,00%	144.559,65 €	2,96	352.584,52 €
L17-1920-15-0018	Equipamento para liña de negocio audiovisual (O Hío)	Cicere Comunicación,SL	Cangas	20,00%	5.092,41 €	2,24	25.462,03 €
L18-1920-15-0044	Creación de centro de xardinaría (Caritel)	Luzdivina Cabadas Pereira	Ponte Caldelas	45,00%	26.822,56 €	1,00	59.605,69 €
L18-1920-15-0050	Creación de empresa de servizos de educación ambiental e de ocio (Paredes)	Rosa Ana Rios Fernández	Vilaboa	45,00%	18.022,50 €	1,00	40.050,00 €
L18-1920-15-0034	Ampliación e Modernización de empresa de comercialización de motores eléctricos e reductores	Electro Gálvez y Senabre, SLU	Ponte Caldelas	45,00%	144.671,22 €	6,94	321.491,61 €
L18-1920-15-0035	Ampliación de serradoiro de pedra (A Lama)	Granitos del Verdugo, S.L.	A Lama	44,50%	31.643,69 €	7,00	71.109,41 €
L18-1920-15-0051	Ampliación e Modernización de obrador de pastelería artesán (Rebordelo)	João Rocha	Cerdedo-Cotobade	42,43%	9.739,35 €	4,23	22.953,93 €
L18-1920-15-0052	Desenvolvemento de aplicacións para empresa de comercio online	Old Play Spain, S.L.	Bueu	38,00%	26.543,00 €	16,15	69.850,00 €
L17-1920-15-0029	Creación Granxa escola "O Souto"	Faesta y Souto S.L.	Poio	35,74%	160.622,85 €	2,00	449.420,39 €
L18-1920-15-0046	Creación de linea de comercialización de hortalizas (Curro)	TC Group Atlántico, S.L.	Barro	33,00%	11.464,43 €	15,88	34.740,70 €

Expediente	Proxecto	Promotor	Municipio	% axuda	Apoio público	UTAs (emprego total a tempo completo)	Investimento
L18-1920-15-0049	Explotación agraria para a produción de viñedo e pequenos froitos (Verducido)	Ruth Gundín Villar	Pontevedra	30,50%	5.629,29 €	1,00	18.456,70 €
L18-1920-15-0038	Instalación fotovoltáica de autoconsumo “Viveros La Gardenia,SL” (Campaño)	Viveros La Gardenia, S.L.	Pontevedra	28,00%	10.662,40 €	4,75	38.080,00 €
L19-1920-15-0076	Creación de Campamento turístico (2ª categoría)-Atalaia	Xunca Xestión,SL	Cerdedo-Cotobade	45,00%	70.562,43 €	9,60	156.805,39 €
L19-1920-15-0074	Creación de Aloxamento turístico de Cabanas Domóticas (Viascón)	Sergio Barros Casal	Cerdedo-Cotobade	45,00%	200.000,00 €	2,00	449.000,00 €
L19-1920-15-0070	Creación de Centro de Día (Soutomaior)	Lucía González González	Soutomaior	45,00%	134.028,62 €	4,00	297.841,37 €
L18-1920-15-0063	Creación de Centro de Día (Virxe do Carme de Moaña)	Centro de Día Rosales,SL	Moaña	45,00%	105.431,98 €	3,25	234.293,29 €
L19-1920-15-0065	Ampliación de empresa de carpintería metálica (Redonde)	Carballo Metal,SL	Campo Lameiro	44,00%	175.020,45 €	13,00	397.773,74 €
L19-1920-15-0068	Campamento turístico de Cabanas Mariñeiras-Cabo Udra	Rosa Ana Estévez Cruz	Bueu	40,00%	184.946,01 €	2,00	462.365,02 €
L19-1920-15-0064	Modernización de empresa de montaxe de carpintería e instalacións (A Portela)	Montajes y Creaciones Norte,SL	Barro	39,60%	111.738,82 €	23,40	282.168,73 €
L19-1920-15-0072	Modernización Clínica Veterinaria (Curro)	Ana Belén Cadavid Cortizo	Barro	39,00%	12.013,32 €	1,68	30.803,38 €
L19-1920-15-0085	Ampliación de Centro Psicopedagóxico (Bueu)	Beatriz Agulla Menduiña	Bueu	34,50%	16.536,34 €	1,67	47.931,41 €
L19-1920-15-0087	Creación de Lavandería autoservizo (Seixo)	Natalia Taboada Vilanova	Marín	38,50%	14.474,65 €	1,00	37.596,50 €
L20-1920-15-0090	Creación de Fogar Residencial (Verducido)	O Cruceiro, SC	A Lama	45,00%	70.357,97 €	2,00	156.351,04 €
L20-1920-15-0099	Creación de empresa de Educación Ambiental (Cela)	María Luz Gómez Señoráns	Bueu	42,50%	9.975,20 €	1,25	23.471,07 €
L20-1920-15-0092	Ampliación e Modernización de empresa de distribución de produtos alimenticios (Cerponzóns)	Delicias del Norte, S.L.	Pontevedra	36,50%	15.492,97 €	3,62	42.446,50 €
L20-1920-15-0100	Modernización e Ampliación de adegas de viño (Ardán)	Adegas Ardán, S.L.	Marín	29,50%	3.720,27 €	1,01	12.611,10 €
L21-1920-15-0103	Creación de Hotel 3 estrelas (A Lama)	A Fonte Auga Doce, SL	A Lama	45,00%	200.000,00 €	5,00	590.719,81 €

Expediente	Proxecto	Promotor	Municipio	% axuda	Apoio público	UTAs (emprego total a tempo completo)	Investimento
L21-1920-15-0105	Modernización Clínica Odontolóxica (Toural)	Marta Moreno Carrascal	Vilaboa	45,00%	11.774,07 €	2,50	26.164,60 €
L21-1920-15-0120	Instalación deportiva de pistas de padel (Domaio)	Xesport Galicia, SL	Moaña	38,75%	150.036,90 €	11,92	387.192,00 €
L21-1920-15-0116	Creación de obradoiro de panaderíaC(Bueu)	Fernando Piñeiro Escaneo	Bueu	37,50%	68.975,02 €	4,00	183.933,39 €
L21-1920-15-0109	Automatización e Ampliación de Capacidade de Fábrica de Mobles (Campo Lameiro)	Celso Tome, SL	Campo Lameiro	36,50%	127.780,66 €	49,98	350.084,00 €
L21-1920-15-0113	Mellora Tecnolóxica en adega de viño (Valiñas)	Eva Bermudez Pulleiro	Barro	29,50%	3.827,22 €	1,00	12.973,64 €

Na táboa seguinte recóllense os proxectos de natureza non produtiva promovidos por concellos.

Táboa 49. Proxectos non produtivos públicos do GDR Pontevedra Morrazo. Período 2014-2020.

Expediente	Proxecto	Promotor	Municipio	% axuda	Apoio público	Investimento
L17-1920-15-0005	Equipamento para aula informática e de lectura (A Lama)	Concello A Lama	A Lama	90,00%	18.023,09	16.220,78
L17-1920-15-0015	Valorización das paisaxes de Berobreo en Hío-Cangas	Concello de Cangas	Cangas	65,52%	29.591,38	19.388,27
L17-1920-15-0014	Creación de local social e de formación en Sexide-Bueu	Concello de Bueu	Bueu	39,00%	50.000,00 €	222.924,35 €
L18-1920-15-0039	Posta en valor do Patrimonio Arqueolóxico (Moaña)	Concello de Moaña	Moaña	70,00%	18.500,63	12.950,44
L18-1920-15-0054	Creación de aula de novas tecnoloxías (Ponte Caldelas)	Concello de Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	90,00%	17.154,92	15.439,43
L18-1920-15-0045	Creación de aula de internet e multimedia adaptada en Arcade	Concello de Soutomaior	Soutomaior	77,50%	38.730,38	30.016,04
L18-1920-15-0053	Acondicionamento de local para centro social e desenvolvemento rural (Mourete)	Concello de Pontevedra	Pontevedra	42,50%	50.000,00 €	452.497,21 €

Expediente	Proxecto	Promotor	Municipio	% axuda	Apoio público	Investimento
L18-1920-15-0057	Desenvolvemento Web e App Turismo de Marín	Concello de Marín	Marín	65,00%	30.000,00	19.500,00
L18-1920-15-0059	Despregue de Rede de internet en locais sociais do Concello de Cerdedo-Cotobade	Concello de Cerdedo-Cotobade	Cerdedo-Cotobade	90,00%	45.738,00	41.164,20
L18-1920-15-0060	Posta en valor dos Petroglifos do Outeiro (Barro)	Concello de Barro	Barro	70,00%	21.289,44	14.902,61
L19-1920-15-0069	Acondicionamento de local para centro de promoción de recursos e desenvolvemento rural (Mourete)	Concello de Pontevedra	Pontevedra	40,50%	452.497,21	183.261,37
L20-1920-15-0093	Creación de aula de novas tecnoloxías e multimedia (Cerdedo)	Concello de Cerdedo-Cotobade	Cerdedo-Cotobade	90,00%	14.905,99	13.415,39
L21-1920-15-0107	Creación dunha Aplicación Móbil de promoción turística (Cerdedo-Cotobade)	Concello de Cerdedo-Cotobade	Cerdedo-Cotobade	70,00%	18.150,00	12.705,00
L21-1920-15-0114	Creación de punto de información turística en Arcade	Concello de Soutomaior	Soutomaior	56,22%	12.721,93	7.152,27
L21-1920-15-0118	Creación de Aula Informática (Perdecanaí)	Concello de Barro	Barro	78,75%	13.882,51	10.932,48

Na táboa seguinte recóllense os proxectos de natureza non produtiva promovidos por colectivos do ámbito privado.

Táboa 50. Proxectos non produtivos privados do GDR Pontevedra Morrazo. Período 2014-2020.

Expediente	Proxecto	Promotor	Municipio	% axuda	Apoio público	Investimento
L17-1920-15-0020	Creación de espazos biosaudables en A Portela (Barro)	CMVMC A Portela	Barro	39,50%	53.054,27	20.956,44
L17-1920-15-0010	Creación de área biosaudable e deportiva en San Martín (Vilaboa)	CMVMC San Martín de Vilaboa	Vilaboa	38,00%	15.393,07	5.849,37
L18-1920-15-0037	Transporte adaptado para persoas afectadas de alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas	Asociación de familiares de enfermos de alzheimer do Morrazo (AFAMO)	Moaña	70,00%	34.980,00	24.486,00
L18-1920-15-0040	Parque etnoarqueolóxico das cabanas prehistóricas do Outeiro das Mouras (Salcedo)	CMVMC de Salcedo	Pontevedra	65,60%	39.744,65	26.072,49
L19-1920-15-0079	Roteiro forestal e fluvial en Borela	CMVMC de Borela	Cerdedo-Cotobade	63,32%	31.868,23	20.178,96

L19-1920-15-0077	Creación de miradoiros no entorno de Chan da Arquiña	CMVMC de Domaio	Moaña	52,96%	64.124,79	33.960,49
L20-1920-15-0094	Creación de area de recreo forestal na contorna do río Lérez (Calvelo)	CMVMC de Calvelo e Río Tenorio	Cerdedo-Cotobade	49,00%	18.608,19	9.118,01
L20-1920-15-0091	Creación de area de lecer no Lago de Castiñeiras (Vilaboa)	CMVMC de San Martín de Vilaboa	Vilaboa	39,50%	14.265,88 €	36.116,14 €
L21-1920-15-0104	Creación de Centro de Día AFAMO (Tirán)	AFAMO	Moaña	68,75%	146.148,25	100.476,92

Por último recolleamos os proxectos de formación aprobados, que foron promovidos polo GDR Pontevedra Morrazo. As temáticas que abordaron estes proxectos tiveron que ver coa profesionalización no ámbito da viticultura, e tamén na promoción e apoio cara unha xestión agroforestal sustentable.

Táboa 51. Proxectos non produtivos de formación do GDR Pontevedra Morrazo. Período 2014-2020.

Expediente	Proxecto	Promotor	Concello	% axuda	Apoio público	Investimento
L17-1920-15-0021	Profesionalización e desenvolvemento da viticultura na IXP Ribeiras do Morrazo (2017)	GDR Pontevedra-Morrazo	Pontevedra	100,00%	8.591,00	8.591,00
L18-1920-15-0031	Profesionalización e desenvolvemento da viticultura na IXP Ribeiras do Morrazo (2018)	GDR Pontevedra-Morrazo	Pontevedra	100,00%	11.253,00	11.253,00
L18-1920-15-0032	Xestión agroforestal sustentable (2018)	GDR Pontevedra-Morrazo	Pontevedra	100,00%	6.659,62	6.659,62
L19-1920-15-0066	Profesionalización e desenvolvemento da viticultura na IXP Ribeiras do Morrazo (2019)	GDR Pontevedra-Morrazo	Pontevedra	100,00%	7.173,54	7.173,54
L19-1920-15-0067	Xestión agroforestal sustentable (2019)	GDR Pontevedra-Morrazo	Pontevedra	100,00%	6.072,20	6.072,20
L20-1920-15-0101	Xestión agroforestal sustentable (2020)	GDR Pontevedra-Morrazo	Pontevedra	100,00%	5.355,22	5.355,22

Táboa 52. Gastos de funcionamento e animación do GDR Pontevedra Morrazo. Período 2014-2020.

Expediente	Proxecto	Promotor	Apoio público	Total anualidade
L17-1940-15-B022	Animación e Difusion Leader (2017)	GDR Pontevedra-Morrazo	14.500,00	103.750,85
L17-1940-15-A001	Gastos de funcionamento (2017)	GDR Pontevedra-Morrazo	89.250,85	
L18-1940-15-A002	Gastos de funcionamento (2018)	GDR Pontevedra-Morrazo	126.072,89	161.734,26
L18-1940-15-B0	Animación e Difusion Leader (2018)	GDR Pontevedra-Morrazo	35.661,37	
L19-1940-15-A003	Gastos de funcionamento (2019)	GDR Pontevedra-Morrazo	114.476,95	130.138,32
L19-1940-15-B0	Animación e Difusion Leader (2019)	GDR Pontevedra-Morrazo	15.661,37	
L20-1940-15-A004	Gastos de funcionamento (2020)	GDR Pontevedra-Morrazo	113.302,43	137.609,26
L20-1940-15-B0	Animación e Difusion Leader (2020)	GDR Pontevedra-Morrazo	24.306,83	
L21-1940-15-A005	Gastos de funcionamento (2021)	GDR Pontevedra-Morrazo	118.756,85	139.349,84
L21-1940-15-B0123	Animación e Difusion Leader (2021)	GDR Pontevedra-Morrazo	20.592,99	

Táboa 53. Cadro financeiro inicialmente previsto, comprometido e executado por tipoloxía de proxectos. Período 2014-2020.

MEDIDA	TIPO DE PROXECTOS	CADRO FINANCEIRO INICIAL PREVISTO (2014-2020)		CADRO FINANCEIRO MODIFICADO (2014-2020)		CADRO FINANCEIRO (2014-2020) Proxectos PRESENTADOS **		Proxectos PRESENTADOS*		Proxectos PRESENTADOS **		CADRO FINANCEIRO (2014-2020) Proxectos EXECUTADOS		Proxectos EXECUTADOS	
		TOTAL	%	TOTAL	%	TOTAL	%	Nº	%	Nº	%	TOTAL	%	Nº	%
19.2.	Produtivos	1.529.469,44 €	65,00%	1.832.009,23	65,78%	3.003.055,68 €	127,63%	78	66,10%	38	55,07%	2.051.077,22 €	75,01%	26	49,06%
	Non Produtivos (públicos)	588.257,48 €	25,00%	674.697,42	24,22%	513.555,03 €	21,83%	17	14,41%	16	23,19%	397.048,28 €	14,52%	13	24,53%
	Non Produtivos (privados)	176.477,24 €	7,50%	219.697,21	7,89%	255.364,56 €	10,85%	17	14,41%	9	13,04%	241.098,68 €	8,82%	8	15,09%
	Formación	58.825,75 €	2,50%	58.825,75	2,11%	45.104,58 €	1,92%	6	5,08%	6	8,70%	45.104,58 €	1,65%	6	11,32%
Total programa	Produtivos	1.529.469,44 €	65,00%	1.832.009,23	65,78%	3.003.055,68 €	78,67%	78	66,10%	38	55,07%	2.051.077,22 €	75,01%	26	49,06%
	Non Produtivos	823.560,47 €	35,00%	953.220,38	34,22%	814.024,17 €	21,33%	40	33,90%	31	44,93%	683.251,54 €	24,99%	27	50,94%
	Total	2.353.029,91 €	100,0%	2.785.229,61	100,00%	3.817.079,85 €	100,00%	118	100,00%	69	100,00%	2.734.328,76 €	100,00%	53	100,00%
19.4.	Custos correntes	627.474,64 €	80,00%	627.474,64	80,00%	561.859,97 €	83,54%					561.859,97 €	83,54%		
	Animación	156.868,66 €	20,00%	156.868,66	20,00%	110.722,56 €	16,46%	5		5		110.722,56 €	16,46%	5	
	Total	784.343,30 €	100,0%	784.343,30	100,00%	672.582,53 €	100,00%					672.582,53 €	100,00%		
Total estratexia		3.137.373,21 €		3.569.572,91		4.489.662,38 €		123		74		3.406.911,29 €		58	

(*) Nº proxectos presentados: Rexistro de solicitudes presentadas

(**) Cadro Financeiro Proxectos presentados: Importe económico de apoio público en proxectos con resolucións ou informes favorables

Táboa 54. Distribución dos proxectos (presentados e executados) por axudas

TIPO DE PROXECTOS	Proxectos PRESENTADOS*	Proxectos PRESENTADOS**	Apoio público **	%	Proxectos EXECUTADOS	Apoio público	%
Nº Proxectos Produtivos	78	38	3.003.055,68 €	78,67%	26	2.051.077,22 €	75,01%
Nº Proxectos Non Produtivos	40	31	814.024,17 €	21,33%	27	683.251,54 €	24,99%
NP Públicos	17	16	513.555,03 €	63,09%	13	397.048,28 €	58,11%
NP Privados	17	9	255.364,56 €	31,37%	8	241.098,68 €	35,29%
NP Formación	6	6	45.104,58 €	5,54%	6	45.104,58 €	6,60%
Nº proxectos total programa	118	69	3.817.079,85 €	100,00%	53	2.734.328,76 €	100,00%
Nº Proxectos GDR (NP Animación)	5	5	110.722,56 €		5	110.722,56 €	
Nº proxectos estratexia	123	74	3.927.802,41 €		58	2.845.051,32 €	

(*) Nº proxectos presentados: Rexistro de solicitudes presentadas

(**) Proxectos presentados con resolucións ou informes favorables

Na seguinte táboa recóllense a distribución sectorial de proxectos produtivos e non produtivos executados, apreciando unha concentración importante de proxectos produtivos no sector de servizos, tanto en servizos de carácter xeral, coma en servizos sociais e de atención ás persoas. O segundo sector en importancia é o industrial, no que ao marxe da actividade industrial ou de transformación de produto, se recolle a actividade vinculada á construción. Asíanse tres proxectos a actividades do sector primario e dous ás actividades vinculadas ao turismo.

Táboa 55. Distribución dos proxectos executados (produtivos e non produtivos) por sectores

Tipo	Distribución sectorial dos proxectos	Nº	%
Produtivo	Investimentos no sector primario (producción, transformación ou comercialización, agrícola, gandeira ou forestal; ou vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras).	3	11,54%
	Investimentos non agrarios relacionados con servizos e/ou comercio dos produtos e producións locais tales como os vinculados á viticultura, á agricultura ecolóxica, ás IXP, á gastronomía ou á artesanía local.	0	0,00%
	Investimentos no sector dos servizos sociais e/ou asistenciais, tales como centros de coidado e atención de menores e/ou maiores, de persoas dependentes e/ou non dependentes, servizos sociosanitarios e domésticos, centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión socio-laborais, centros infantís, garderías, pisos tutelados, vivendas comunitarias ou centros de día.	2	7,69%

Tipo	Distribución sectorial dos proxectos	Nº	%
	Investimentos no sector da economía verde e ambiental (actividades relacionadas co medio ambiente e a súa sostibilidade, tales como a xestión de residuos, a compostaxe, o tratamento de augas/solos a xestión dos recursos naturais, a biomasa, a reutilización, a reciclaxe, os servizos ambientais, o aforro ou eficiencia enerxética ou as enerxías renovables.	1	3,85%
	Investimentos no sector das TIC, e/ou relacionados con proxectos de base tecnolóxica, coa I+D+I, coa economía colaborativa e/ou co emprendemento social.	1	3,85%
	Investimentos no sector turístico (servizos turísticos, hospedaxe e hostalería).	2	7,69%
	Investimentos do sector industrial (tales como a fabricación e/ou industrias de transformación manufactureira) e construción.	8	30,77%
	Investimentos no sector servizos (servizos básicos de saúde, persoais, de benestar, educativos, culturais, deportivos, e de lecer).	9	34,62%
	Investimentos no resto do sector servizos e comercio.	0	0,00%
Total Produtivos		26	100%
Non Produtivo	Investimentos dirixidos a servizos de igualdade e benestar da poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, ao coidado das persoas maiores, dependentes e non dependentes, e a promoción dun envellecemento activo e saudable das mesmas, á atención de menores, tales como; centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión socio-laborais, centros para persoas discapacitadas, infantís, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día, etc.) e actuacións para promover a igualdade e a integración social da poboación.	2	9,52%
	Investimentos non produtivos dirixidos ao uso e a mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TICs) no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.	7	33,33%
	Investimentos non produtivos dirixidos á utilización de enerxías alternativas, ao aforro ou eficiencia enerxética, ao compostaxe, á biomasa, á reutilización e reciclaxe etc. Tales como instalación de caldeiras de biomasa, placas solares, mecanismos e equipamentos que permitan a redución do consumo de auga ou aproveitamento hídrico, etc.	0	0,00%
	Investimentos dirixidos á valorización, conservación e/ou recuperación do patrimonio natural e cultural, tales como a recuperación e integración paisaxística, recuperación do hábitat e a biodiversidade, custodia do territorio, aulas da natureza, centros de interpretación, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese cultural (histórico-artístico, etnográfico, arquitectónico, etc.) e actuacións de sensibilización, promoción e difusión, etc.	4	19,05%
	Investimentos non produtivos, dirixidos á valorización e/ou promoción dos produtos e producións locais vinculados ás denominacións de orixe, indicacións xeográficas protexidas, a viticultura, a agricultura ecolóxica, a artesanía local, gastronomía, etc.	0	0,00%
	Investimentos non produtivos dirixidos ao sector turístico tales como actuacións de promoción, difusión e divulgación dos recursos turísticos, rutas de sendeirismo homologadas pola Federación Galega de Montaña, construción de miradoiros, puntos de información turística, centros de promoción de recursos, etc.	4	19,05%
	Investimentos dirixidos a actividades e/ou infraestruturas, deportivas, recreativas de lecer e/ou culturais tales como ludotecas, locais sociais, parques, etc.	3	14,29%
Resto de investimentos non produtivos non recollidos nos epígrafes anteriores.		1	4,76%
Total Non Produtivos		21	100%

Táboa 56. Distribución de Proxectos Produtivos por tipoloxía de promotor. Perspectiva de xénero e mocidade

	Persoa promotora		
	Colectivos desfavorecidos	Mulleres ou mocidade (homes<35 anos)	Homes maiores de 55 anos ou Persoas paradas de longa duración
Numero	17,00	14,00	3,00
% sobre o Nº proxectos produtivos	65,38%	53,85%	11,54%
Apoio Público	1.082.204,54	856.808,81	359.424,35
% sobre o Apoio Público total	39,58%	31,34%	13,14%

Táboa 57. Distribución de Proxectos Produtivos por emprego

Tipoloxía	Creación	Consolidación	Total
Numero de empresas	10,00	16,00	26
Numero de empregos (UTA)	48,16	129,49	177,65

6.5. Indicadores de Programa Leader 2014-2020

O GDR xestionou máis de 2.7 millóns de euros no período, xerando un investimento superior aos 7 millóns de euros. Cos expediente do programa de axudas tramitados creou 48.16 emprego e consolidou 129.49, o que da conta da relevancia deste programa na fixación e mantemento do emprego no territorio.

Indicar tamén que se rexistraron 417 consultas relacionadas con proxectos.

Táboa 58. Cadro de indicadores de xestión do GDR Pontevedra Morrazo. Periodo 2014-2020

INDICADORES	
Nº CONSULTAS	417
Nº EXPEDIENTES TRAMITADOS Medida 19.2	118
Nº TOTAL DE PROXECTOS PRODUTIVOS (<i>tramitados</i>)	78
Nº TOTAL DE PROXECTOS NON PRODUTIVOS (<i>tramitados</i>)	40
VOLUME DE FONDOS PÚBLICOS COMPROMETIDOS (Medida 19.2)	2.734.328,76 €
VOLUME TOTAL DE FONDOS PÚBLICOS COMPROMETIDOS	3.406.911,29 €
VOLUME DE FONDOS TOTAIS INVESTIDOS	7.064.550,10 €
VOLUME DE FONDOS TOTAIS INVESTIDOS (Medida 19.2)	6.391.967,57 €
EFFECTO MULTIPLICADOR (Medida 19.2) Aportación Privada Neta/Fondos Públicos	2,34
Nº EMPREGOS CREADOS	48,16
Nº EMPREGOS CONSOLIDADOS	129,49
PROMEDIO DE FONDOS PÚBLICOS (Medida 19.2)/ EMPREGO	15.391,66 €

Táboa 59. Cadro de indicadores de baremo do GDR Pontevedra Morrazo. Período 2014-2020

INDICADORES DE BAREMO	
% Proxectos concellos zona interior	45,28%
% Proxectos concellos zona litoral	54,72%
Investimento Proxectos concellos zona interior €	3.899.520,29 €
Investimento Proxectos concellos zona Litoral €	2.492.447,28 €
% Proxectos promovidos por colectivos desfavorecidos	65,38%
% Proxectos promovidos por mulleres ou mocidade (homes<35 anos)	53,85%
% Proxectos promovidos por homes>55 anos ou persoas paradas de longa duración	11,54%
Investimentos con Incidencia Medioambiental (<i>proxectos produtivos e proxectos non produtivos</i>) €	1.166.534,33 € 24.819,88 €/proxecto
Investimentos en Novas Tecnoloxías (<i>proxectos non produtivos</i>) €	146.485,19 € 6.975,49 €/proxecto
Numero Total de Empregos (creados e consolidados) en UTAS	177,65 utas
Numero de Empregos Creados (<i>en UTAS</i>)	48,16 utas
- Incidencia sobre a creación de emprego con carácter local	- 76,92%
- Incidencia sobre a creación de emprego en colectivos desfavorecidos	- 80,77%
Numero de Empregos Consolidados (<i>en UTAS</i>)	129,49 utas
% Proxectos con Investimentos con Provedores Locais (<i>proxectos produtivos</i>)	80,77%
Investimentos directos con uso de provedores locais no territorio (<i>proxectos produtivos</i>) €	3.145.768,78 € 120.991,11€/proxecto
% Investimentos con Provedores Locais (<i>proxectos produtivos</i>) €	60,36%
% Proxectos con Carácter Innovador (inexistencia actividade similar concello/núcleo)	69,23%
% Proxectos con compromiso Plan de Responsabilidade Social Corporativa/Plan de Igualdade	65,96%

Nas seguintes táboas recóllense indicadores por submedidas do PDR e de carácter global.

Táboa 60. Cadro de indicadores: medida 19.2. Período 2014-2020.

Código	Indicadores	Resultados
SUBMEDIDAS 19.2 PROGRAMA DE AXUDAS		
I1	Gasto público total en proxectos produtivos	2.051.077,22 €
I2	Gasto público total en proxectos non produtivos	683.251,54 €
I3	Inversión total	6.391.967,57 €
I4	Número de empregos creados nos proxectos financiados	48,16
I5	Número de empregos consolidados nos proxectos financiados	129,49
I6	Número de actividades /operacións subvencionadas en produción, transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais	2
I7	Número de actividades /operacións subvencionadas de mellora da eficiencia enerxética ou incorporación de enerxías alternativas en explotacións agrarias, gandeiras ou forestais	1
I8	Número de actividades/operacións subvencionadas en creación, mellora ou ampliación de pequenas empresas	16
I9	Número de actividades /operacións subvencionadas en comercio minorista e actividades económicas do sector servizos	5

Código	Indicadores	Resultados
I10	Número de operacións que teñan incidencia no sector turístico (incluído hospedaxe e restauración)	2
I11	Número de actividades /operación subvencionadas referidas a servizos básicos, actividades recreativas e culturais, turísticas, de renovación das poboacións rurais, de valorización e recuperación patrimonial e resto de proxectos non produtivos	21
I12	Número de actividades /operacións subvencionadas de formación	6
I13	Número de días de formación impartida	94
I14	Número de participantes en acción de formación	226

Táboa 61. Cadro de indicadores: proxectos de cooperación e xestión (19.41.a). Período 2014-2020.

Código	Indicadores	Resultados
OUTROS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN		
I15	Número total de proxectos de cooperación subvencionados	1
SUBMEDIDA CUSTOS CORRENTES E ANIMACIÓN DA EDLP		
I16	Número de proxectos de custes correntes (19.4.a)	5
I17	Número de actividades/operacións de sensibilización medioambiental, eventos de todo tipo (encontros, xornadas, seminarios), edición de mapas, guías,...	3
I18	Número de actividades/operacións de noutros ámbitos distintos do anterior, eventos de todo tipo (encontros, xornadas, seminarios), edición de materiais,...	1
I19	Número de actividades/operacións de difusión do programa no territorio	5

Táboa 62. Cadro de indicadores de carácter global. Período 2014-2020

Código	Indicadores	Resultados
INDICADORES DE CARÁCTER GLOBAL		
I20	Gasto público total (Incluído Custes correntes e animación)	3.406.911,29 €
I21	Poboación obxecto do GAL	130.851
I22	Número de actividades/operacións subvencionadas (19.2)	53
I23	Número total de promotores 19.2 (privados e públicos)	49
I24	Número de persoas/entidades asesoradas para a aplicación do programa	417

7. Conclusións. Balance cualitativo sobre a execución, resultados e impacto do programa Leader no territorio.

7.1. Avaliación do proceso de participación

O GDR mantivo unha estrutura asociativa equilibrada e ponderada dos diferentes colectivos e territorios.

A evolución das persoas socias do GDR non presentou grandes variacións e as baixas tan só foron debidas á desaparición das entidades correspondentes.

As mesas sectoriais que teñen maior número de asociadas son as asociacións xuvenís, culturais e de acción social, seguidos da mesa agrogandeira e montes e economía e turismo. A participación porcentual dos socios nas Xuntas Directivas foi maior que nas Asembleas Xerais xa que determinados colectivos como as asociacións de veciños non atoparon no programa Leader unha fonte de financiamento das súas demandas que maioritariamente estaban excluídas do programa pola aplicación e incompatibilidade cos servizos previstos na Lei de Bases de Réxime Local. Isto xerou certa frustración nestes colectivos e perda de interese.

As administracións locais participaron activamente e amosaron unha boa implicación e apoio para o desenvolvemento do programa.

7.2. Avaliación dos resultados e impacto no territorio

A continuación realizamos unha avaliación global das realizacións e resultados da execución da estratexia nos diferentes períodos de programación que analizamos no conxunto da estratexia.

7.2.1. Período 2007-2013

As principais conclusións que extraemos neste período son:

- O número total de proxectos apoiados foi de 35 cunha execución dos fondos asignados que acadou os 2.002.649,48 euros, e unha capacidade de mobilización de investimento privado de 5.291.028,66 euros
- O peso dos proxectos produtivos chegou aos 26 cun respaldo de apoio público de 1.567.660,40 euros (78.28% de axuda total da estratexia); fronte os proxectos non produtivos que representa 9 execucións cunha axuda de 434.989,08 euros (21.72% de axuda total da estratexia)
- O peso dos proxectos promovidos por entidades públicas foi de 7 cun respaldo de apoio público de 361.044,98 euros (83% de axuda entre proxectos non produtivos); fronte os proxectos promovidos por entidades privadas con 2 execucións cunha axuda de 73.944,10 euros (17% de axuda entre proxectos non produtivos)
- O número de empregos creados foi de 22.75 utas e os consolidados de 215.12 utas; resultando ter unha incidencia de 237,87 utas nun total de 26 proxectos subvencionados, dos calas 5 foron empresas de nova creación e 21 de ampliación e/ou modernización. E cabe salientar que o emprego creado ten unha incidencia sobre emprego con carácter local do 57.69% e do 61.54% en colectivos desfavorecidos.
- A porcentaxe de axuda sobre o orzamento dos proxectos (produtivos e non produtivos) acada un promedio do 37.85%
- A porcentaxe de axuda sobre o orzamento dos proxectos produtivos foi en promedio de 37.63%

- A porcentaxe de axuda sobre o orzamento dos proxectos non produtivos (públicos e privados) foi en promedio de 37.91%

No referente a análise do reparto territorial dos fondos, tanto para proxectos produtivos como non produtivos, cabe salientar as seguintes reflexións:

- Os proxectos da zona interior (con 5 concellos) acadan a cifra de 14 cun apoio publico do 40.82% dos fondos e un investimento do 36.56%; fronte á zona do litoral (con 7 concellos) na que se subvencionan 21 proxectos cun maior apoio publico de ata o 59.18% e tamén cun investimento superior do 63.44% debido ao maior numero de proxectos executados.
- Os proxectos non produtivos concéntranse fundamentalmente na zona litoral cun total de 7 fronte aos 2 proxectos da zona interior (Cotobade e Ponte Caldelas) cun total de 68.325,63 euros apoio público e 141.295,2 euros de investimento. O proxectos produtivos na zoa interior acada os 12 cun total de 749.123,88 euros apoio público e 1.793.293,82 euros de investimento, fronte os 14 proxectos subvencionados na zona litoral cun total de 818.536,52 euros axuda e 2.341.913,56 euros de investimento.

Na análise das tipoloxías de proxectos executados, cabe indicar as seguintes reflexións:

- Entre os proxectos produtivos atopamos que se financiaron 18 proxectos con investimentos destinados á creación, mellora ou ampliación de pequenas empresas que representan o 69.23% do total dos proxectos produtivos, seguido cun 15.39% centrados en 4 proxectos con investimentos no sector primario (producción, transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais). Execútanse 3 proxectos con investimentos en comercio polo miúdo e actividades económicas do sector servizos que representan o 11.54%, e tan só se executou 1 proxectos en investimentos no sector turístico (incluído hospedaxe e restauración).
- O reparto de fondos entre os proxectos produtivos acada 1.567.660,40 euros o que representa un 78.28% do apoio público total da estratexia, mais de 2 puntos por enriba da porcentaxe inicialmente prevista no cadro financeiro modificado para o período 2007-2013 (75%)
- Na análise dos proxectos non produtivos executados figuran a totalidade dos 9 proxectos vencellados a investimentos relacionados con servizos básicos, actividades recreativas e culturais, turísticas, de renovación das poboacións rurais, de valorización e recuperación patrimonial.
- O reparto de fondos entre os proxectos non produtivos acada 434.989,08 euros o que representa un 21.72% do apoio público total da estratexia, por debaixo da porcentaxe inicialmente prevista no cadro financeiro modificado para o período 2007-2013 que era dun 25%. A distribución entre entidades públicas é do 18.03% das axudas e dun 3.69% entre entidades privadas.

No que respecta á participación dos distintos tipos de promotores, os proxectos promovidos por colectivos desfavorecidos foron 11 o que representa un 42.31% dos proxectos produtivos e destinando a eles 769.328,60 euros de axuda pública (38.42% sobre o apoio público total). Ademais a participación de mulleres ou mozos (homes menores de 35 anos) como promotores é de 9 proxectos (un 34.62% de proxectos produtivos), e destinando a eles 629.235,59 euros de axuda pública (31.42% sobre o apoio público total).

7.2.2. Período 2014-2020.

Neste período as conclusións que extraemos son:

- O número total de proxectos apoiados foi de 53 cunha execución dos fondos asignados que acadou os 2.734.328,76 euros, e unha capacidade de mobilización de investimento privado de 6.391.967,57 euros.
- O peso dos proxectos produtivos chegou aos 26 cun respaldo de apoio público de 2.051.077,22 euros (75.01% de axuda total da estratexia); fronte os proxectos non produtivos que representa 27 execucións cunha axuda de 683.251,54 euros (24.99% de axuda total da estratexia)
- O peso dos proxectos promovidos por entidades públicas foi de 13 cun respaldo de apoio público de 397.048,28 euros (58.11% de axuda entre proxectos non produtivos); fronte os proxectos promovidos por entidades privadas con 8 execucións cunha axuda de 241.098,68 euros (35.29% de axuda entre proxectos non produtivos).
- O número de empregos creados foi de 48.16 utas e os consolidados de 129.49 utas; resultando ter unha incidencia de 177.65 utas nun total de 26 proxectos subvencionados, dos calas 10 foron empresas de nova creación e 16 de ampliación e/ou modernización. E cabe salientar que o emprego creado ten unha incidencia sobre emprego con carácter local do 76.92% e do 80.77% en colectivos desfavorecidos.
- A porcentaxe de axuda sobre o orzamento dos proxectos (produtivos e non produtivos) acada un promedio do 42.78%
- A porcentaxe de axuda sobre o orzamento dos proxectos produtivos foi en promedio de 39.36%
- A porcentaxe de axuda sobre o orzamento dos proxectos non produtivos (públicos e privados) foi en promedio de 57.89%.

No tocante a análise do reparto territorial dos fondos, tanto para proxectos produtivos como non produtivos, cabe salientar as seguintes reflexións:

- Os proxectos da zona interior (con 5 concellos) acadan a cifra de 24 cun apoio publico do 57.86% dos fondos e un investimento do 61.01%; fronte á zona do litoral (con 8 concellos) na que se subvencionan 29 proxectos cun menor apoio publico de ata o 42.14% e tamén cun investimento menor do 38.99%.
- Os proxectos non produtivos concéntranse fundamentalmente na zona litoral cun total de 17 fronte aos 10 proxectos da zona interior (1 A Lama, 3 Barro, 5 Cerdedo-Cotobade e 1 Ponte Caldelas) cun total de 175.033,3 euros apoio público e 252.674,64 euros de investimento. O proxectos produtivos na zoa interior acada os 14 cun total de 1.406.945,9 euros apoio público e 3.646.845,65 euros de investimento, fronte os 12 proxectos subvencionados na zona litoral cun total de 644.131,32 euros axuda e 1.564.910,41 euros de investimento.

Na análise das tipoloxías de proxectos executados, cabe indicar as seguintes reflexións:

- Entre os proxectos produtivos atopamos que se financiaron 9 proxectos con investimentos no sector servizos (servizos básicos de saúde, persoais, de benestar, educativos, culturais, deportivos, e de lecer) que representan o 34.62% do total dos proxectos produtivos, seguido cun 30.77% centrados en 8 proxectos con investimentos do sector industrial (tales como a fabricación e/ou industrias de transformación manufactureira). Execútanse 3 proxectos con investimentos no sector primario (produción, transformación ou

comercialización, agrícola, gandeira ou forestal; ou vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras) que representan o 11.54%, e 2 proxectos tanto de investimentos no sector dos servizos sociais e/ou asistenciais (tales como centros de coidado e atención de menores e/ou maiores, de persoas dependentes e/ou non dependentes, servizos sociosanitarios) coma outros 2 en investimentos no sector turístico (servizos turísticos, hospedaxe e hostalería); tan so consta un proxecto en investimentos no sector da economía verde e ambiental, e outro vencellado o investimentos no sector das TIC e/ou relacionados con proxectos de base tecnolóxica.

- O reparto de fondos entre os proxectos produtivos acada 2.051.077,22 euros o que representa un 75% do apoio público total da estratexia, case 10 puntos por enriba da porcentaxe inicialmente prevista no cadro financeiro modificado para o período 2014-2020
- Na análise dos proxectos non produtivos executados figuran ata 7 proxectos en investimentos dirixidos ao uso e a mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación no medio rural (tales como aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral) cun 33.33% do total dos proxectos non produtivos; constan 4 proxectos con investimento dirixidos ao sector turístico (tales como construción de miradoiros, puntos de información turística, centros de promoción de recursos, etc.) e outros 4 en investimentos dirixidos á valorización, conservación e/ou recuperación do patrimonio natural e cultural; houbo ata 3 proxectos en investimentos dirixidos a actividades e/ou infraestruturas, deportivas, recreativas de lecer e/ou culturais (tales como locais sociais, parques, etc.) e 2 onde o investimentos están dirixidos a servizos de igualdade e benestar da poboación.
- O reparto de fondos entre os proxectos non produtivos acada 683.251,54 euros o que representa un 25% do apoio público total da estratexia, por debaixo da porcentaxe inicialmente prevista no cadro financeiro modificado para o período 2014-2020 que era dun 34.22%. A distribución entre entidades públicas é do 14.52% das axudas fronte o 24.22% previsto inicialmente; en cambio entre entidades privadas se destina un 8.82% das axudas executadas fronte o 7.89% previsto no cadro financeiro.

No que respecta á participación dos distintos tipos de promotores, os proxectos promovidos por colectivos desfavorecidos foron 17 o que representa un 65.38% dos proxectos produtivos e destinando a eles 1.082.204,54 euros de axuda pública (39.58% sobre o apoio público total). Ademais a participación de mulleres ou mozos (homes menores de 35 anos) como promotores é de 14 proxectos (un 53.85% de proxectos produtivos), e destinando a eles 856.808,81 euros de axuda pública (31.34% sobre o apoio público total).

7.3. Avaliación das accións de dinamización e difusión

7.3.1. Período 2007-2013

A Promoción e Difusión do Programa (2007-2013) tivo como obxectivo acadar a maior extensión posible da Promoción do Territorio no ámbito de actuación do noso GDR, coa dobre finalidade de que o programa Leader nas comarcas de Pontevedra e do Morrazo sexa coñecido pola poboación que integra os doce municipios; e que permita crear dinámicas de interacción entre os axentes sociais e as entidades xurídicas e institucionais, tanto públicas como privadas, interesadas no desenvolvemento rural e integral da zona.

Dentro do Plan de Actuacións, se contemplaron como “actividades específicas” a desenvolver nas tarefas de dinamización territorial e difusión:

- Xuntanzas proactivas como punto de encontro para o fomento da cultura emprendedora e de proxectos empresariais no noso territorio.
- Xuntanzas ou xornadas sectoriais específicas que contribúan ó impulso de novos proxectos e á dinamización, información e difusión das axudas; ademais de promoción territorial.
- Xuntanzas con prescritores, asesorías, xestorías, asociacións empresariais, cámara de comercio, etc. como canle de difusión das liñas de actuación no ámbito territorial do GDR.
- Elaboración de material divulgativo ou de difusión e comunicacións específicas (xornadas, charlas, anuncios, publicacións, contidos web) estudos/informe, etc. que contribúan á valorización, difusión e promoción territorial
- Reunións de traballo en equipo cos técnicos locais de emprego dos doce concellos, como "Antenas Locais" do Leader, cunha periodicidade mensual.
- Xuntanzas de apoio ós Concellos do territorio, e colaboración coas entidades do ámbito de actuación do GDR.

As actuacións mais salientables nesta partida de gastos de difusión e promoción territorial durante o período contemplado foron:

- Gastos de difusión das axudas, anuncios en prensa, web, outros medios, etc. do Programa Leader.
- Material divulgativo e de difusión das axudas do Programa Leader, de proxectos e do territorio.
- Gastos de desprazamentos do equipo técnico para realizar as actuacións previstas de difusión e dinamización do territorio.
- Contidos web para difundir as iniciativas subvencionadas ó abeiro do Programa Leader, e para estimular proxectos de emprendemento no territorio (fichas promotores, punto de encontro, banco de ideas, campañas de difusión Leader, etc)
- Organización dunha Xornada técnica sectorial adicada ó *Desenvolvemento rural e Comercialización da madeira e outros produtos do monte*, destinada ás Comunidades de montes veciñais en man común e propietarios forestais en xeral do territorio do GDR así como a calquera outra persoa interesada na comercialización dos distintos produtos procedentes do monte galego. O obxectivo fundamental da xornada é revisar a situación actual da comercialización destes produtos en Galicia incidindo na súa problemática e potencialidades e impulsar novas ferramentas para a comercialización e difusión dos produtos procedentes dos montes galegos a través da internet como a Lonxa Virtual de madeira e produtos do monte.
- Elaboración dun informe cara a consecución dunha *Indicación Xeográfica Protexida* como medida para a posta en valor da produción vitícola de aquelas zonas do territorio GDR que pese a ter un alto potencial vitivinícola non se encontran actualmente baixo o paraugas de ningunha denominación de calidade xeográfica (DO ou IXP) tratando así de recuperar a superficie de viñado actual e a tradición de cultivo e elaboración de viño, e de impulsar o mantemento de actividade económica no ámbito rural, a través da mellora nos procesos de cultivo e de elaboración, o incremento dos rendementos e a incorporación de xente nova a esta actividade. Para este fin, desenvolveranse accións encamiñadas ao impulso de novas iniciativas empresariais (modernización/creación de adegas, iniciativas conxuntas ou cooperativas...) e accións encamiñadas á elaboración dos documentos técnicos necesarios para poder acadar a protección dunha Indicación Xeográfica Protexida (IXP).

7.3.2. Período 2014-2020

A animación e difusión territorial no ámbito de actuación do GDR no período (2014-2020) cumpriu a dobre finalidade de reforzar o papel que ten o GDR no territorio, como axente colaborador na xestión da medida Leader do FEADER, incrementando o seu empoderamento como entidade que pretende mellorar a contorna rural e contribuír ó desenvolvemento endógeno do territorio e poñer en valor a EDLP, como mecanismo que enlaza os retos e prioridades da zona rural coa posta en marcha do programa de axudas do citado Fondo.

Foi necesario informar, sensibilizar e dinamizar ós axentes sociais e potenciais promotores de proxectos no territorio sobre recursos e iniciativas que contribúan a xerar unha base sólida do desenvolvemento sostible do territorio; traballar en rede coas entidades/grupos do territorio en accións conxuntas que axuden á promoción do territorio; e contribuír á valorización sectorial das potencialidades da nosa zona, dos seus produtos e dos emprendedores do rural que presentan elementos determinantes e singulares de competitividade empresarial. De maneira implícita, estas actuacións contribuíron a posicionar ao territorio, reforzando a gobernanza das súas entidades, mellorando o seu dinamismo económico e a súa calidade de vida.

Táboa 63. Accións de promoción e difusión do programa

Promoción e Difusión do Programa		
Expediente	Conceptos	Orzamento
L17-1940-15-B022	Plan comunicación e difusión (adaptación comunicación corporativa Leader 2014-2020 en distintos soportes, deseño de imaxe, deseño anuncios/trípticos e maquetación...) Difusión prensa escrita e noutros medios Outros elementos de animación e difusión (paxina web) Outros elementos de comunicación, publicidade e difusión (proxector, trípticos, gráficas roller, roll-up, placas, frontais de mesa, etiquetas perdurables...)	14.500,00
L18-1940-15-B062	Portal web e visor XIS da IXP Ribeiras do Morrazo Manual de boas prácticas para a viticultura na IXP Ribeiras do Morrazo Informe sobre propostas de colaboración entre as IXP de viños de Galicia e a valorización enoturística na IXP Ribeiras do Morrazo Campaña de dinamización e promoción da IXP Ribeiras do Morrazo Guía para elaborar plans de RSC/RSE Elaboración contidos web para difusión dos proxectos do GDR	35.661,37
L19-1940-15-B083	Promoción e comunicación para a IXP Ribeiras do Morrazo Contidos web/redes sociais sobre producións locais e recursos endóxenos do GDR	15.661,37
L20-1940-15-B102	Deseño e creación de itinerario enoturístico e cultural na IXP Ribeiras do Morrazo Vídeo Promocional das paisaxes culturais e naturais do territorio do GDR Pontevedra-Morrazo Asistencia técnica para a elaboración de Plans RSC/RSE de promotores do GDR Pontevedra-Morrazo Campaña de promoción e dinamización da IXP Ribeiras do Morrazo	24.306,83
L21-1940-15-B123	Divulgación e promoción do Itinerario Enoturístico e cultural da IXP Ribeiras do Morrazo Informe de viabilidade para a comercialización e posta en valor dos recursos vitivinícolas do Concello de Bueu dentro da IXP Ribeiras do Morrazo Asistencia técnica para a elaboración de Plans RSC/RSE de promotores do GDR Pontevedra-Morrazo	20.592,99

7.4. Avaliación das accións de formación

O GDR desenvolveu as seguintes accións formativas ao longo de período, tal e como estaba recollido na estratexia:

7.4.1. “Profesionalización e desenvolvemento da viticultura na IXP Ribeiras do Morrazo “. Anualidades: 2017, 2018 e 2019

Programa formativo, baixo a metodoloxía de formación-acción, que tiña unha dobre finalidade:

- Dinamizar socialmente ao sector vitivinícola para reforzalo e empoderalo como alternativa emerxente de emprego e/ou emprendemento.
- Capacitar e cualificar a emprendedores e poboación activa en xeral, para afrontar os requirimentos técnicos, económicos e sociais que vai a supoñer a posta en marcha da IXP, e o desenvolvemento da actividade.

Os principais obxectivos xerais do programa formativo centráronse en:

- Reforzar a participación do sector e activación do capital social (axentes locais privados e públicos e entidades sociais): implicación dos axentes no proxecto, elaboración dunha reflexión diagnóstica conxunta, e definición concertada de horizontes estratéxicos cara a un mellor desenvolvemento do sector; abordando unha análise conxunta das oportunidades presentes.
- Xeración dun consenso estratéxico entre os axentes sectoriais que respalde o crecemento ordenado do sector vitivinícola, a xestión do sector e fomento dinámicas de potenciación e sucesión nas explotacións, así como de creación de novas oportunidades para o emprego.
- Introducir criterios técnicos e aprendizaxes que impliquen a entrada no marco regulador da IXP, abordando a formación en aspectos de índole técnica, experimental, ou de recoñecemento das potencialidades para a comercialización da produción, a diferentes escalas.

O perfil dos asistentes: axentes económicos (asociados ás cadeas de valor da produción vitivinícola, e nomeadamente aos viticultores e adegueiros) e á poboación activa en xeral, interesada na posta en marcha de iniciativas relacionadas coa produción vitícola ou prestacións de servizos, e/ou na capacitación e cualificación para a súa empregabilidade, dos concellos do GDR que comprende a IXP

7.4.2. “Xestión agroforestal sustentable”. Anualidades: 2018, 2019 e 2020

Programa formativo, baixo a metodoloxía de formación-acción, que tiña unha dobre finalidade:

- Mellorar as prácticas sostibles dos sectores agrogandeiro e forestal para potencialo como alternativa emerxente de emprego e/ou emprendemento.
- Reforzar e incrementar a profesionalización e capacitación da poboación activa nos ámbitos referidos, contribuíndo a mellorar as prácticas de traballo e impulsar os aproveitamentos.

Para isto, o programa formativo centrouse en:

- Reforzar o papel das actividades agrarias, gandeiras e forestais, como eixe para a dinamización social e económica do territorio.

- Introducir criterios técnicos e aprendizaxes no conxunto de actividades que leven implícita esa xestión agroforestal sustentable.

O perfil das persoas asistentes foi o de potenciais emprendedores no ámbito da agricultura ecolóxica; potenciais emprendedores en actividades e/ou prestación de servizos relacionados cos ámbitos agrogandeiros e forestais; titulares de explotacións agrogandeiras, comunidades de montes, agrupacións e propietarios forestais dos concellos do GDR Pontevedra-Morrazo; e á poboación activa en xeral, interesada na capacitación e cualificación específica para mellorar a súa empregabilidade.

7.5. Avaliación dos proxectos de cooperación

7.5.1. “Dinamización e promoción das IXP de viños de Galicia”. Anualidades: 2021 e 2022

O GDR puxo en marcha o proxecto de cooperación “Dinamización e promoción das IXP de viños de Galicia” para impulsar a vitivinicultura nas Indicacións Xeográficas Protexidas de viño de Galicia, abordando cunha metodoloxía participativa a dinamización interna e externa das IXP, con intercambio de experiencias, mellorando o coñecemento e posicionamento Web, desenvolvendo o enoturismo, e aflorando sinerxías.

A iniciativa nace da colaboración de 6 Grupos de desenvolvemento rural e 15 Adegas das 4 IXP de viños de Galicia que xuntan os seus esforzos nun proxecto de cooperación para dinamizar o sector vitivinícola e contribuír a súa consolidación e crecemento futuro

Datos básicos do proxecto de cooperación		
Denominación	“Dinamización e promoción das IXP de viños de Galicia”	
Orzamento	98.600,00 €	
Sector ou subsectores	As Indicacións Xeográficas Protexidas de Galicia no sector vitivinícola (IXP Ribeiras do Morrazo, Viño da terra de Betanzos, Viño da terra de Barbanza e Iria e Viño da terra Val do Viño-Ourense)	
Resultados esperados	Consolidar as marcas comerciais en cada IXP. Maior coñecemento das IXP e unha mellor percepción social das propias comarcas amparadas. Posicionamento enoturístico. Creación de plataforma Web que mellore a divulgación, promoción e comercialización dos viños.	
Entidades promotoras	• Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra - O Morrazo (Grupo coordinador) • Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural (GDR Eurural), • Asociación de Desenvolvemento Local “Deloa” (GDR Deloa), • Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos” • Asociación de Desenvolvemento Rural Comarca de Ourense • Asociación “Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla-Umia”	
Entidades colaboradoras	IXP Ribeiras do Morrazo	• Adega Ardán, S.L • D. Guillermo Martínez Pintos (Adega Os Areeiros)

		• Mercedarios Monasterio San Juan de Poio • Reboraina, S.L • Videira no Mar, S.L
	Viño da terra de Betanzos	• Casa Beade, S.L • D. Ricardo Rilo Villar (Adegas Rilo). • D^a. Lucinda Vázquez Silveira (Adegas Bordel). • Pagos de Brigante, S.L
	Viño da terra de Barbanza e Iria	• Adega Entre os Ríos, S.L • Bodegas Torres Augusti, S.L • Bodegas Calidade Antonio Saborido López, S.L • Cazapitas, S.L
	Viño da terra Val do Miño-Ourense	• Adega Terras Mancias, S.L. • Vides Singulares, S.L

O proxecto tiña como **obxectivos xerais**:

- Dinamizar aos operadores e establecer canles de colaboración entre as catro IXP vitícolas de Galicia.
- Impulsar o sector vitivinícola en cada un dos territorios
- Contribuír a consolidar e/ou aumentar o número de marcas comerciais.
- Mellorar as canles de divulgación, promoción e comercialización dos viños.
- Mellorar a formación en proxección e comercialización dos elaboradores.
- Favorecer un maior coñecemento das IXP e unha mellor percepción social das propias comarcas amparadas.
- Favorecer o posicionamento enoturístico.

E como **obxectivos específicos**:

- Dar a coñecer entre as persoas consumidoras os viños e a realidade das IXP como selo de garantía e calidade.
- Ofrecer aos elaboradores a oportunidade de presentar os seus viños en distintos foros e formatos, tanto ás persoas consumidoras como ó sector da distribución e a restauración.
- Conseguir a colaboración das administracións locais na promoción dos viños das IXP mediante a participación en eventos da súa competencia.
- Establecer canles de colaboración co sector da restauración local para a promoción dos viños das IXP
- Posicionamento dixital (Web e RRSS) das IXP.
- Identificar os elementos de interese enoturístico nos catro territorios para o seu posterior desenvolvemento.
- Espertar o interese e curiosidade dos visitantes por coñecer os viños dos territorios de cada unha das IXP de Galicia

Actuacións desenvolvidas

As accións no proxecto de cooperación parten dun plan de dinamización e promoción das IXP no que se establecen obxectivos e se definen estratexias, actuacións, medios, etc. así como a xestión, control e seguimento das mesmas.

- Por unha banda houbo actividades de dinamización, divulgación e animación interna como as 6 xornadas (unha en cada GDR cooperante) nas que se abordaron os retos de futuro, a dinamización da viticultura e a procura dunha mellor percepción social e coñecemento das IXP, dos seus viños e dos territorios.
- Eventos e actividades de promoción/degustación como os 4 túneles do viño (un por cada Indicación xeográfica protexida) coa presenza de todas as adegas promocionando conxuntamente os seus viños e facilitando a súa degustación e coñecemento.
- Posicionamento dixital das IXP mediante a construción dunha plataforma web promocional, e a elaboración dun plan de comunicación e difusión nas RRSS e outros medios que animen e apoien todo o proceso.
- Desenvolvemento enoturístico. Identificando os elementos, contidos e actividades de interese enoturístico, e creando unha rede de establecementos colaboradores coas IXP a partir dun receitairo de menús enogastronómicos. Complétase esta acción coa asistencia técnica para a elaboración dun documento-guía de adaptación das adegas ao enoturismo que lles permita, aos operadores das IXP, crear e/ou mellorar nas súas instalacións zonas de exposición de viños, cata, degustación, etc.

Indicador de seguemento	Valor previsto	Valor realizado
IS1.Gasto público no proxecto, executado e xustificado	98.600,00 €	97.108,55 €
IS2.Porcentaxe de cofinanciamento privado no proxecto, alcanzado	10%	10%
IS3. Número de eventos de divulgación e difusión do proxecto	6	6
IS4. Número de eventos de proxecto (túneles do viño) realizados	4	4
Indicador de avaliación	Valor previsto	Valor realizado
IA1. Número de persoas participantes en eventos de divulgación e do proxecto (IS3, IS4).	250	628
IA3. Proporción de adegas das IXP participantes no proxecto	85%	85%
IA4. Número de concellos que participan directamente nas actividades do proxecto	30	37
IA5. Número de novas/anuncios publicados en medios	25	62
IA6. Número de visitas na web e/ou redes sociais	2.000	26.686
IA7. Número de seguidores en web e/ou redes sociais	150	1.372
IA8. Número de impactos en web e/ou redes sociais	500	630.466

O proxecto supera con éxito os obxectivos, expectativas e previsións iniciais, constatando un amplo apoio institucional ás IXP vitícolas de Galicia e unha moi boa acollida e aceptación dos viños elaborados baixo as 4 Indicacións Xeográficas Protexidas de Galicia, tanto no sector da hostalaría como no público en xeral.

Ademais as dinámicas creadas como consecuencia das accións programadas dentro do proxecto de cooperación, propiciaron sinerxías entre as adegas, participando conxuntamente como VIÑOS DAS IXP DE GALICIA en diferentes eventos fora do proxecto:

- “I encontro do Viño galego. Revera Vinum” que se celebrou os días 22, 23 e 24 de marzo de 2022 no Hotel San Francisco en Santiago de Compostela.
- “Fenavin” que se celebrou os días 10,11 e 12 de maio de 2022 no Pavillón 1 (Osiris)-na zona adicada a viños galegos (Agacal - Experiencias de Calidade de Galicia)-en Ciudad Real.

7.5.2. “Desenvolvemento e Dinamización das IXP de viños de Galicia”.

No ano 2022 presentouse un segundo proxecto de cooperación **“Desenvolvemento e Dinamización das IXP de viños de Galicia”**, que pretende dar continuidade á colaboración entre todas as IXP de viños de Galicia.

Coa finalidade de superar o escaso dinamismo económico e a cativa proxección pública destas figuras amparadas, prantéxase unha iniciativa de cooperación que dea continuidade ás accións colaborativas do proxecto anterior para dinamizar e acadar a masa crítica necesaria que permita o desenvolvemento das IXP vitivinícolas de Galicia.

Os **obxectivos xerais** son:

- Dinamizar aos operadores e establecer canles de colaboración entre as cinco IXP vitícolas de Galicia.
- Ampliar a base territorial e impulsar o sector vitivinícola en cada un dos territorios
- Contribuír a consolidar e/ou aumentar o número de marcas comerciais.
- Mellorar as canles de divulgación, promoción e comercialización dos viños.
- Mellorar a formación en proxección e comercialización dos elaboradores.
- Favorecer un maior coñecemento das IXP e unha mellor percepción social das propias comarcas amparadas.
- Favorecer o posicionamento enoturístico das adegas e territorios

Os **obxectivos específicos** son:

- Elaboración de estudos previos para a ampliación da base territorial das IXP de viños de Galicia
- Mellorar a gobernanza e cooperación entre operadores das IXP de viños de Galicia
- Dar a coñecer entre as persoas consumidoras os viños e a realidade das IXP como selo de garantía e calidade baixo a imaxe de marca colectiva “Viños das IXP de Galicia”.
- Ofrecer aos elaboradores a oportunidade de presentar os seus viños en distintos foros e formatos, tanto ás persoas consumidoras como ó sector da distribución e a restauración.
- Impulsar a colaboración co sector da hostalería e hospedaxe na promoción dos viños das IXP
- Posicionamento dixital (Web e RRSS) das IXP.
- Deseño de itinerarios enoturísticos nas cinco IXP para o seu desenvolvemento.
- Espertar o interese e curiosidade dos visitantes por coñecer os viños dos territorios de cada unha das IXP de Galicia

Relación das actividades que se propoñen realizar.

- Deseño dun plan de desenvolvemento e dinamización das IXP. No que se establezan obxectivos e se definan estratexias, actuacións, medios, imaxe a trasladar, así como se programe a súa execución, xestión e o control e seguimento.

- Recuperación de terras acaídas para producións acollidas ás IXP vitícolas de Galicia. Estudos preliminares de parcelas dentro da base territorial de cada IXP para desenvolver polígonos agroforestais nas IXP de viños de Galicia, que permitan a posible ampliación da superficie cultivada, e cumprindo os requisitos previstos na lei 11/2021 de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Creación e posta en marcha da asociación de adegas das IXP de viños de Galicia. Impulso do asociacionismo e cooperación entre operadores das IXP de viños de Galicia a través da creación e posta en marcha dunha estrutura permanente de cooperación a través da asociación de adegas das IXP de viño de Galicia.
- Actividades de dinamización, divulgación e animación interna. Posta en común e intercambio de experiencias, para buscar sinerxías e explorar oportunidades de funcionamento colaborativo, por medio de xornadas de traballo nas que se aborden os retos de futuro das IXP, a dinamización da viticultura nos seus territorios e a procura dunha mellor percepción social e coñecemento das IXP, os seus viños e territorios.
- Actividades de promoción e/ou participación en eventos. Organización, cos axentes implicados e buscando a colaboración das administracións locais, de eventos itinerantes entre as principais cidades galegas (túneles, exposición, catas dos viños das IXP, etc.), de xeito que se promocionen conxuntamente os seus viños dentro e fóra dos seus territorios, así como o propio recoñecemento das cinco IXP a través da marca colectiva “Viños das IXP de Galicia”.
- Posicionamento dixital das IXP, mediante a ampliación e actualización da plataforma web do proxecto (“full responsive”) e a elaboración dun plan de comunicación e difusión nas RRSS e outros medios. Ferramentas que permitan achegar á cidadanía, e consumidores potenciais, o coñecemento da realidade vitivinícola e territorial das IXP, as rutas enoturísticas, etc., e que promocionen os seus viños e territorios e animen e apoien todo o proceso.
- Desenvolvemento enoturístico. Creando itinerarios enoturísticos nas IXP de viño de Galicia a partir da identificación de recursos do territorio xeoreferenciados (adegas, espazos ou recursos de interese vitícola ou enolóxico, elementos patrimoniais, eventos relevantes, establecementos de hostalería e hospedaxe, colaboradores etc.), e integrando a oferta enoturística das adegas e entidades colaboradoras. Complétase esta acción coa elaboración de elementos comúns de comunicación e merchandising dos itinerarios, e as recomendacións e orientacións técnicas necesarias.

Descrición do valor engadido que supón realizar o proxecto e que se conseguirá coa execución das actividades de forma conxunta.

- Sinerxías, economías de escala e optimización de recursos. A realización do proxecto permite establecer obxectivos e metodoloxía comúns para os operadores, con intercambio de experiencias e boas prácticas vitivinícolas, establecendo canles de traballo colaborativo e aproveitando sinerxías e economías de escala e masa crítica necesarias para garantir a sustentabilidade das actuacións.
- Singularidade e innovación: o proxecto é innovador e singular en tanto que nunca en Galicia, salvo na 1ª edición deste proxecto cooperativo, o conxunto das IXP vitícolas xuntaron os seus esforzos nun proxecto colaborativo común con accións inéditas no sector que rompen o individualismo e optimizan recursos

- Estruturas e/ou novos recursos con vocación de estabilidade e permanencia en materia de cooperación. Como resultado do proxecto créanse novas estruturas de cooperación entre os operadores dos distintos territorios, con vocación de permanencia no tempo máis aló da duración deste proxecto de cooperación, como é a creación da asociación de adegas das IXP de viños de Galicia e a plataforma web promocional, común para as cinco IXP ou activos inmateriais como a imaxe de marca colectiva “Viños das IXP de Galicia” para todos os viños das IXP de Galicia que facilita o posicionamento dixital das IXP e a promoción dos seus viños.

Resultados previstos para o proxecto de cooperación en todos os territorios participantes e a súa contribución á corrección de desequilibrios ambientais, socioeconómicos, culturais, laborais, etc.

O proxecto pretende actuar sobre os territorios incluídos en cada unha das Indicacións Xeográficas Protexidas de Viño de Galicia, dinamizando o sector vitivinícola e contribuíndo a súa consolidación e crecemento futuro.

O proxecto contempla realizar estudos previos para o desenvolvemento da base territorial das IXP, consolidar as marcas comerciais en cada IXP, maior coñecemento das IXP e unha mellor percepción social das propias comarcas amparadas, mellora da gobernanza e cooperación a través da asociación de IXP de Viño de Galicia, posicionamento enoturístico das adegas e territorios, ampliación da plataforma Web que mellore a divulgación, promoción e comercialización dos viños.

Son resultados concretos do proxecto de cooperación:

- 5 Informes preliminares para desenvolver polígonos agroforestais nas IXP de viños de Galicia (mínimo de 10 ha. en cada polígono) dentro da base territorial de cada IXP.
- 1 Asociación de adegas das IXP de viños de Galicia
- 5 Itinerarios enoturísticos a partir da identificación de recursos do territorio xeoreferenciados (adegas, espazos ou recursos de interese vitícola ou enolóxico, elementos patrimoniais, eventos relevantes, establecementos de hostalería e hospedaxe, colaboradores etc.).
- Merchandising enoturístico, para o desenvolvemento da oferta enoturística das adegas e entidades colaboradoras de cada IXP.
- 4 Xornadas divulgativas das IXP de viños de Galicia, sobre a vitivinicultura e as IXP de viños de Galicia, nas cidades de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.
- 4 Túneles dos viños das IXP de Galicia, de carácter itinerante entre as cidades de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.
- 1 Exposición itinerante dos Viños das IXP de Galicia, resaltando a historia, cultura, os territorios e as singularidades dos seu viños etc
- 1 Plataforma web (“full responsive”) en conexión coas RRSS e en 2 idiomas.
- 1 Plan de comunicación con imaxe de marca “Viños das IXP de Galicia”
- Elaboración de contidos audiovisuais e materiais divulgativos de interese para o proxecto en web, redes e medios.
- 1 Spot promocional para emisión e difusión do proxecto e da campaña en web, redes e medios.
- Elementos visuais específicos (roll up, banner, cartelas, vinilos, displays, etiquetas, códigos QR, etc.

- Elaboración de 400 packs de viño promocionais baixo a marca colectiva “Viños das IXP de Galicia”.
- Outros elementos de promoción (Pin IXP, pousavazos, etc.) segundo o deseño establecido para trasladar a imaxe e obxectivos da campaña
- 1 Campaña publicitaria en medios online e offline para mellorar a visibilidade do proxecto e das IXP de viños de Galicia.

7.6. Proxectos considerados casos de éxito a destacar

Un proxecto que ten todos os elementos que caracterizan as axudas Leader e que podemos considerar caso de éxito e referente sería Hifas da Terra en Pontevedra. Trátase dunha Iniciativa que naceu no Proder II comarca de Pontevedra e que continuou desenvolvéndose no Leader ata se converter nunha consolidada e exitosa empresa biotecnolóxica

Os investimentos específicos subvencionados a través da medida LEADER foron:

Creación de Centro de Exposición e Interpretación de Micología	
Promotor	Hifas da Terra,S.L.
Localización	Bora-Pontevedra
Tipoloxía	Proxecto Produtivo
Medida	413-Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida
Descrición	Proxecto de creación dun centro de exposición, divulgativo e formativo da micología aplicada potenciando as instalacións da empresa no referente a servizos tanto de produción de novas especies de cogomelos de cultivo como na aplicación terapéutica ou cosmética destes fondos. O inmovible consta de 300m2 en pranta baixa con materias nobres destinando: 150m2 a centro expositivo de produtos e interpretación micolóxica con zona comercial habilitada para venda directa de cogomelos, micelio de cultivo e produtos producidos na empresa; 100m2 a ampliar os servizos de investigación cunha pequena unidade adicada a micoturismo/aplicación terapéutica-cosmética e outra para proxectos de I+D; 40m2 a zona de almacenaxe, preparación e mantemento de materiais micolóxicos de apoio ás actividades do centro.
Orzamento Aceptado	324.075,40 €
Porcentaxe de Axuda	33,89%
Importe da axuda	109.829,15 €
Modernización de Centro de Transformación Micolóxico (Bora)”	
Promotor	Hifas da Terra,S.L.
Localización	Bora-Pontevedra

Modernización de Centro de Transformación Micológico (Bora)"	
Tipoloxía	Proxecto Produtivo
Medida	413-Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida
Descrición	Proxecto de modernización e ampliación das súas instalacións en Portamuiños creando un centro de transformación micolóxico, unha nave para exposición de plantas micorrizadas e produtos de cultivo, e unha instalación auxiliar de almacenamento. Coas novas instalacións acadan as seguintes finalidades: • Pechar o ciclo da cadea de produción, elaboración e comercialización dentro da propia empresa, mediante unha nave de manipulación/deshidratado/moído/almacenamento con zona de deshidratación para o secado forzado de cogomelos, área de extractado de sustancias activas e zona de manexo, envasado e etiquetado de botes e produtos elaborados micolóxicos. • Incrementar a capacidade de almacenamento de produtos en fresco, deshidratado e elaborado mediante cámaras frigoríficas e tamén cunha área exterior para almacenamento de materias primas (cultivos preparados para venda, palés e big-bags) e vehículo. • Elaborar conservas artesanais e outros produtos micolóxicos innovadores mediante unha nave de transformación, que tamén conta cunha área de laboratorio con instrumental preciso para experimentar a creación de novos produtos. • Dotar dunha área de exposición de produtos micolóxicos de cultivo propios e planta micorrizada.
Orzamento Aceptado	397.002,81 €
Porcentaxe de Axuda	38,00%
Importe da axuda	150.861,07€

Na actualidade, Hifas da Terra é unha empresa biotecnolóxica líder en Europa no desenvolvemento de produtos a base de cogomelos medicinais para a saúde humana.

Cun amplo equipo científico multidisciplinar -formado por profesionais da bioloxía, farmacia, medicina e oncoloxía, etc.- Hifas da Terra colabora hoxe en día con centros de investigación nacionais e internacionais para o desenvolvemento de proxectos de I+D+i e ensaios clínicos en diversas áreas da medicina.

7.7. Orientacións e leccións extraídas para o novo período

No período 2007-2013 as estratexias estaban definidas en base a un contexto socioeconómico previo á crise económica de 2008-2014 que provocou entre outros efectos a destrución do tecido produtivo, aumento do paro, a drástica redución de crédito bancario a familias e pequenas empresas, aumento do déficit público, axuste e recortes no gasto publico etc. que condicionarán a evolución do programa Leader.

As dificultades inducidas polo contexto dificultaron o financiamento dos proxectos dos promotores, impedindo a tramitación das solicitudes ao non acreditar a viabilidade financeira

nuns casos e provocando a renuncia do promotor ao non dispor de financiamento necesario para a execución dos proxectos noutros.

A contracción do consumo e a falta de confianza e incertidume sobre a situación económica derivou na ralentización dos proxectos de investimento existentes e na redución do número de solicitudes.

Malia estar neste contexto adverso a medida Leader 2007_13 mantivo un razoable desempeño tal e como queda reflectido nos cadros previos.

No período 2014-2020, saíndo da crise financeira, coa experiencia adquirida do período anterior, e un maior coñecemento das axudas e do GDR no territorio encarouse o novo leader dun xeito mais favorable. Malia todo, a pandemia de 2019 interrompía bruscamente determinadas actividades, sobre todo de tipo turístico, ocasionando a renuncia dalgún proxecto (cabanais domóticas e granxa escola), e de novo a ralentización dos investimentos. O programa, en todo caso soubo sortear a situación e desenvolveuse cun razoable éxito e normalidade.

Leccións aprendidas nestes períodos:

Os pagamentos directos a través do Fogga resolveron unha parte importante dos problemas financeiros dos GDR, reducindo o financiamento alleo necesario para a xestión das axudas

A concorrência competitiva non distorsionou a adxudicación de fondos e mellorou a calidade/cualidade dos proxectos segundo o baremo previsto.

O programa 2014-2020 mellorou o resultado e a orientación dos fondos do período 2007-2013:

- Maior número de proxectos en todas as tipoloxías
- Maior gasto público total e investimento en proxectos en todas as medidas
- Maior número de empregos creados
- Maior equilibrio territorial no reparto de axudas, concentrando no período 14_20 máis fondos nos concellos de interior máis desfavorecidos
- Houbo máis actividades formativas e de cooperación
- Maior eficacia na xestión dos fondos públicos, aumentando o efecto multiplicador das axudas (aportación privada sobre fondos públicos)

En canto a aplicación do baremo:

- Aumentou a porcentaxe de proxectos promovidos na zona interior
- Aumentou a porcentaxe de proxectos promovidos por colectivos desfavorecidos
- Aumentou a porcentaxe de proxectos que promovidos por mulleres ou mocidade
- A maioría dos proxectos tiñan carácter innovador (inexistencia de actividade similar concello/núcleo)
- A maioría dos proxectos elaboraron un Plan de Responsabilidade social corporativa ou Plan de igualdade)
- A maioría dos proxectos utilizaron provedores locais nos seus investimentos
- Aumentaron o total dos investimentos en melloras ambientais, eficiencia enerxética etc. en todas as tipoloxías de proxectos

Orientacións para o novo período 2023-2027:

- Compre unha maior orientación cara as consecuencias do cambio climático e transición ecolóxica, enerxética e poboacional, incidindo na necesidade da descarbonización da economía e sociedade apostando polos recursos endóxeos, potenciando as marcas de

garantía do territorio, apostando por unha viticultura máis sustentable, agricultura ecolóxica quilómetro cero, e por novos recursos poboación Al forestais como a absorción do CO₂.

- Ademais dentro do ámbito turístico, o enoturismo e o turismo verde teñen un gran potencial que deberíamos aproveitar.
- A Responsabilidade social corporativa (RSC), a sensibilización ambiental e a paisaxe poden ser motor do desenvolvemento sustentable no territorio
- E por último, necesitamos poñer en valor da Lei de recuperación de terras que permitiría por a disposición da sociedade terras abandonadas do territorio
- Propostas de mellora para os vindeiros leader necesita recursos para desenvolver toda a súa potencialidade, para dar respostas concretas a problemas específicos de cada territorio
- A consolidación dos equipos técnicos favorece a capacidade de incidir e dinamizar o territorio
- Temos que evitar unha excesiva carga administrativa para poder desprezar todo o potencial na planificación e dinamización
- A dixitalización de procesos é imprescindible para axilizar os procedementos e o manexo de información en tempo real
- Leader non é tan só unha esoterismo fonte de recursos para financiar proxectos, senón que é unha ferramenta social de dinamización da sociedade rural que aproveita e pon en valor as potencialidades do territorio
- Necesitamos implicar ao conxunto da poboación para poder xerar procesos de cambio no territorio catalizando e mobilizando recursos



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN

